PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 499 | IX lexislatura | 30 de xullo de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

1.5.1.1.2. Informes do Valedor do Pobo

- 39084 (09/IEVA-000003)
Valedor do Pobo
Informe extraordinario
A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo 116459

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

Apertura de prazo para presentar candidaturas para a cobertura de tres cargos de conselleiro ou conselleira do Consello de Contas de Galicia 116455

1.6.7. Membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Candidatos e candidatas para formar parte do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. 116455

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

— Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que solicita a inclusión nun Pleno do límite de gasto non financiero da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno con este asunto (doc. núm. 39285). 116620

— Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 39308) 116622

— Escrito da maioría absoluta do Parlamento polo que se solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 39198) 116623

2.4.3. Convocatorias

— Sesión plenaria (Día 3 de agosto de 2015, ás 16 horas) 116457

— Sesión plenaria (Día 4 de agosto de 2015, ás 16.30 horas) 116458

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

— Información complementaria relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos 116458

— Información complementaria relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo 116458

— Información complementaria relativa á contratación administrativa do servizo para a xestión dos sistemas de información 116458

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

1.5.1.1.2. Informes do Valedor do Pobo

Informe extraordinario sobre a situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo

- 39084 (09/IEVA-000003)
Valedor do Pobo
Informe extraordinario
A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo

A Mesa do Parlamento, na reunión do 29 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite o informe extraordinario do Valedor do Pobo «A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo» (doc. núm. 39084).

2º. Tramitar o referido informe, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces na reunión do 29 de xullo de 2015, na Comisión de Peticións.

3º. Publicar o informe no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Estando vacantes dous cargos de conselleiro do Consello de Contas de Galicia e estando un máis en funcións por expiración do mandato, faise preciso a súa cobertura.

Visto o disposto nos artigos 12 da Lei do Consello de Contas de Galicia e 26 do seu Regulamento de organización e funcionamento, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Abrir un prazo, que remata ás 14.00 horas do 31 de xullo de 2015, para que os grupos parlamentarios poidan presentar tres persoas candidatas, que deberán reunir os requisitos previstos na alínea 2 do artigo 12 da Lei do Consello de Contas de Galicia e non atoparse en ningunha das causas de inelixibilidade enumeradas na alínea 3 do artigo 12 nin de incompatibilidade previstas no artigo 13 da mesma lei.

2º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

1.6.7. Membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Candidatos e candidatas para formar parte do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Por acordo da Mesa do Parlamento do día 29 de xullo de 2015, ordénase a publicación das candidaturas para formar parte do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Candidatos e candidatas para formar parte do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.:

Don Xosé Antón García Ferreiro
G.P. dos Socialistas de Galicia

Don Luis de la Matta Cantó
G.P. Popular de Galicia

Don Higinio Meijide Gómez
G.P. Popular de Galicia

Dona Ana Isabel Peón Piñeiro
G.P. Popular de Galicia

Dona Beatriz Soler Vázquez-Guillén
G.P. Popular de Galicia

Dona Leticia Vilar Pumares
G.P. dos Socialistas de Galicia

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

— Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que solicita a inclusión nun Pleno do límite de gasto non financiero da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno con este asunto (doc. núm. 39285).

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

— Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 39308)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno. A orde do día que se propón figuran na dita solicitude.

Visto o disposto no artigo 67, en relación cos artigos 72 e 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno.

A orde do día que se propón figura na dita solicitude.

2º. Trasladarlle á Xunta de Portavoces esta solicitude.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

— Escrito da maioría absoluta do Parlamento polo que se solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 39198)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de xullo de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Examínase o escrito dos deputados e deputadas da Cámara polo que se solicita a realización dunha sesión extraordinaria do Pleno. A orde do día que se propón figura na dita solicitude.

Visto o disposto no artigo 67, en relación co artigo 72 e 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude dos deputados e das deputadas da Cámara polo que se pide a realización dunha sesión extraordinaria do Pleno.

A orde do día que se propón figura na dita solicitude.

2º. Trasladarlle á Xunta de Portavoces esta solicitude.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

2.4.3. Convocatorias

— Sesión plenaria (Día 3 de agosto de 2015, ás 16 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 3 de agosto de 2015, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 29 de xullo de 2015, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección do Valedor do Pobo (09/PVAL-000001)

Publicación da candidata elixida, BOPG nº 490, do 02.07.2015

Punto 2. Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia (09/DMCC-000001)

Publicación BOPG nº 484, do 22.06.2015

Punto 3. Elección dos membros do Consello de Administración da Corporación da Radio-Televisión de Galicia (artigo 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia) (09/CRTG-000001)

Publicación BOPG nº 497, do 21.07.2015

Punto 4. Textos lexislativos

4.1 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e outras normas, para a prevención da corrupción 09/PPL-000038 (35966)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 496, do 17.07.2015

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG nº 496, do 17.07.2015

4.2 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, sobre a Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia 09/PPL-000037 (34779)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 488, do 30.06.2015

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG nº 488, do 30.06.2015

4.3 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia 09/PPL-000036 (33678)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 489, do 01.07.2015

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG nº 489, do 01.07.2015

4.4 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión do Regulamento sobre a Proposición de lei para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia 09/PPL-000035 (33374)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 497, do 21.07.2015

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG nº 497, do 21.07.2015

4.5 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas 09/PL-000026 (34138)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 489, do 01.07.2015

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 489, do 01.07.2015

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

— Sesión plenaria (Día 4 de agosto de 2015, ás 16.30 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 4 de agosto de 2015, ás 16.30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 29 de xullo de 2015, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1.Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira 09/LGNF 000003 (39285)

Punto 2. Comparecencias en Pleno

39128 (09/CPP-000328)
Da conselleira do Medio Rural e do Mar, por petición propia, para avaliar a situación actual do sector lácteo galego e para informar das medidas que se deben poñer en marcha para garantir a súa viabilidade

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

— Información complementaria relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos

Publícase a partida orzamentaria na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato para prestación do servizo de interpretación da lingua de signos: 01.01.111B.227.11.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

— Información complementaria relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo

Publicase a partida orzamentaria na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato para prestación do servizo de prevención alleo: 01.01.111B.227.09

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

— Información complementaria relativa á contratación administrativa do servizo para a xestión dos sistemas de información

Publicase a partida orzamentaria na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato do servizo para a xestión dos sistemas de información: 01.01.111B.227.14

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Valedor do Pobo
Galicia

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 22/07/2015 11:02:48
SAIDA 7982/15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 XULL. 2015
Núm 39084

EXCMA SRA.:

En cumprimento do disposto no artigo 36.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, teño o pracer de lle remitir a V.E. o Informe Extraordinario "A situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo".

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2015

José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)

EXCMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo 65, 15700 Santiago de Compostela · Tel.: [0034] 981 569 740 · Fax: [0034] 981 572 335
www.valedordopobo.com

A SITUACIÓN
DAS PERSOAS LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS
en Galicia

unha análise
desde o punto de vista
do tecido asociativo

Valedor do Pobo
Galicia

INFORME EXTRAORDINARIO 2015

116460

As Torres Hejduk ilumínanse coa bandeira multicolor con motivo dos actos de celebración da semana do orgullo de LGTBI, en xuño de 2015

Fotografía cedida pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

A SITUACIÓN AS PERSOAS LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS INTERSEXUAIS en Galicia

unha análise desde o punto de vista do tecido asociativo

Valedor do Pobo Galicia

INFORME EXTRAORDINARIO 2015

116464

ÍNDICE

PRÓLOGO 9

I. INTRODUCIÓN 11
1. Presentación do informe 11
2. Ámbito e finalidade 12
3. Terminoloxía 16

II. A REALIDADE DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS 27
1. A problemática específica das persoas LGTBI no século XXI 27
2. A poboación LGTBI na Unión Europea 32
3. A realidade da comunidade de LGTBI en España e en Galicia 34

III. A NORMATIVA SOBRE DEREITOS HUMANOS E A SÚA APLICACIÓN ÁS CUESTIÓNS RELATIVAS Á ORIENTACION SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO 39
1. Os dereitos da comunidade LGTBI na normativa de dereitos humanos 39
2. Lexislación internacional: especial referencia á Unión Europea 43
3. A protección ás persoas LGTBI no Dereito estatal 46
4. Galicia: a Lei 12/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia 50

IV. A SITUACIÓN DA COMUNIDADE LGTBI EN GALICIA: UNHA VISIÓN DESDE A PERSPECTIVA DAS ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS 57

V. UNHA VISIÓN POR ÁREAS 79
1. Dificultades na contorna educativa 80
A. Formación do profesorado, do alumnado e das familias 80
B. Acoso escolar: o bullying homofóbico 83
C. Menores transexuais no centro educativo 86
2. LGTBI no ámbito sanitario 89
A. Acceso das mulleres lesbianas e mulleres soas aos programas de reprodución humana asistida pública 89
B. Formación a profesionais: tratamento da diversidade sexual desde un punto de vista despatoloxizador e non discriminatorio: terapias de reorientación sexual e campañas públicas 94
C. Atención sanitaria a persoas transexuais 97
3. Dificultades no contexto laboral 100
4. Maiores e contorna rural 103

VI. CONSIDERACIÓNS FINAIS 107

ANEXO I. Lista de entidades entrevistadas 113

ANEXO II. Datas sinaladas 115

ANEXO III. LEI 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia 117

ANEXO IV. Resolución do Parlamento Europeo, de 4 de febreiro de 2014, sobre a folla de ruta de la UE contra a homofobia e a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero 139

Referencias bibliográficas 155

PRÓLOGO

José Julio Fernández Rodríguez

A loita contra a desigualdade é unha constante na historia do constitucionalismo. Moito se avanzou nesta cuestión, grazas á normativa de dereitos humanos e á evolución da doutrina e xurisprudencia. Iso, sen dúbida, mellorou a democracia nas nosas sociedades e a satisfacción da cidadanía no seu devir vital.

Con todo, aínda permanecen cuestións abertas que necesitan mellora. Avanzar nos aspectos aínda problemáticos que afectan ao principio de igualdade e á prohibición de discriminación é unha responsabilidade que todos debemos asumir, poderes públicos e sociedade. Neste sentido, cobra especial relevo a situación das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, que aínda teñen que soportar mostras de desigualdade. Por iso debemos esforzarnos para que a diversidade relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero se normalice e visualice nos parámetros cotiáns. A educación ten un reto pendente neste sentido.

Este informe extraordinario é un punto de partida, case un primeiro paso no camiño do Valedor como autoridade que loita contra a discriminación do colectivo LGBTI, aínda que nos meses pasados xa resolvemos con éxito algunha queixa sobre o particular. A dita función é unha competencia atribuída de maneira expresa pola Lei galega 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

en Galicia. Así as cousas, na súa disposición final segunda prevese que o Valedor do Pobo é a “autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público como no privado”. De acordo con isto atribúense ata cinco funciones específicas, que van desde o prestar apoio ás persoas que puidesen ter sufrido discriminación ata constituírse en órgano de mediación, iniciar de oficio investigacións ou instar a actuación das administracións públicas. Sen dúbida, co devir do tempo haberá que precisar estas previsións, que presentan certos problemas técnico-xurídicos, e que amplían a órbita de acción deste *ombudsman* ao terreo privado, o que, por certo, tamén sucede no ámbito dos menores. Noutro lugar efectuaremos a análise destes extremos, agora non é o momento.

Do que se trata con este traballo é axudar a remover os obstáculos para o exercicio dos dereitos, visualizando situacións e recollendo un bo número de opinións do tecido asociativo, ao que agradezo a súa axuda e continua colaboración. Máis adiante haberá que facer achegas máis intensas que sirvan de verdadeira análise das políticas públicas que se desenvolven, detectando aquilo no que poden mellorar. Tamén agradezo o esforzo do meu equipo, sempre entusiasta, en especial de Beatriz Fernández Muiños que realizou a base deste informe.

En fin, o Valedor do Pobo está firmemente comprometido en traballar pola tolerancia e a igualdade, polo pluralismo e a solidariedade. Posteriores traballos desta institución seguirán a senda que agora marcamos, que espero que axude na conformación da sociedade democrática avanzada que impulsamos desde o *ombudsman*.

INTRODUCIÓN

1. Presentación do informe

O obxectivo do presente informe é realizar unha análise descritiva da situación do conxunto de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais (LGTBI) en Galicia desde o prisma das entidades representativas destas. Dun lado, pretendemos analizar os instrumentos garantistas cos que contamos para protexer os dereitos de lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais na nosa Comunidade Autónoma e, por outro, aspiramos a que este primeiro monográfico resulte de utilidade como referencia informativa básica acerca da diversidade afectivo-sexual en Galicia. Facer pedagoxía dos dereitos das persoas resulta un labor fundamental entre os labores deste alto comisionado parlamentario e unha esixencia no camiño cara á tolerancia e a non discriminación en calquera dos ámbitos aos que nos enfrontemos.

Este traballo convértese, deste xeito, na primeira aproximación realizada na Comunidade Autónoma da situación das persoas LGTBI. Está fundamentada no diálogo coas entidades máis representativas delas radicadas en Galicia, como unha reflexión iniciática dunha serie de traballos que temos previsto acometer no marco das competencias que confire ao Valedor do Pobo a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

116470

2. Ámbito e finalidade

Existe unha literatura moi abundante e completa sobre a situación da poboación LGTBI tanto en España como en Europa. Por esta razón, este traballo monográfico non pretende caer na reiteración nin exposición de principios e ideas xa moi estendidas. O obxectivo para alcanzar pasa por tentar reflectir a situación da comunidade LGTBI en Galicia desde unha perspectiva concreta, a do tecido asociativo que representa a calquera destes grupos particularizados e integrados, en todo caso, por suxeitos titulares de dereitos.

O núcleo do informe constitúeno, por tanto, o conxunto de entrevistas realizadas coas principais entidades representativas, asociacións e organizacións con presenza en Galicia, coas que establecemos unha canle de diálogo en relación á salvagarda dos dereitos dos grupos de diversidade afectivo-sexual. Froito disto coñecemos o traballo diario que despregan a favor da igualdade de trato dos seus representados, cos que teñen contacto permanente e cuxos dereitos constitúen o *leitmotiv* do seu traballo diario. Compartimos con este tecido organizativo obxectivos comúns en favor de supervisar que as políticas públicas que lles afectan resulten igualitarias.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada o 10 de decembro de 1948 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, consagraba que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana. O seu artigo 1 establece que “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros”. O artigo 2 continúa nesta liña, consagrando o principio de igualdade do seguinte modo: “Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.” Case sete décadas despois da aprobación da Declaración, resúltanos imposible afirmar

116471

que a dignidade dos seres humanos sexa respectada en todos os países e en calquera circunstancia.

En palabras de Íñigo Lamarca, ex *ararteko* (defensor do pobo) do País Vasco, o dereito á dignidade humana "constitúe unha sorte de dereito fonte do que emanan os dereitos fundamentais: os relativos á liberdade persoal, ao libre desenvolvemento da personalidade, á igualdade e á non discriminación nin exclusión e á integridade física e moral." [1]

Aínda que resulta evidente que sobre todo nos últimos anos se produciron avances importantes ao redor da situación das persoas LGTBI en España, a realidade dinos que aínda unha parte maioritaria desta poboación oculta a súa condición total ou parcialmente, para evitar problemas de índole moi diversa nos diferentes ámbitos nos que desenvolven as súas vidas e exercen os seus dereitos. Froito dos contactos realizados no marco do presente traballo, constatamos a existencia de situacións de discriminación material por razón da orientación sexual ou identidade de xénero; nas escolas atopamos situacións de acoso ou *bullying* homofóbico ou *transfóbico*; no ámbito social, unha gran parte das parellas homosexuais non se comporta con liberdade por medo a insultos, agresións, ou comentarios que poidan recibir por parte de terceiros.

Os nosos interlocutores transmitíronnos que a herdanza de séculos de exclusión, marxinación, persecución e rexeitamento xeneralizado segue pesando en parte da sociedade, que, en ocasións, se mostra pouco respectuosa coa diversidade.

Galicia non é unha excepción. Aínda que se conta con numerosa normativa en defensa da igualdade e a prohibición de calquera discriminación por razón de orientación sexual ou

1 LAMARCA ITURBE, I. "*Vulnerabilidad y protección de derechos de las personas Lesbianas, Gais, Bisexuales y Transexuales* (LGTBI), especialmente de quienes son menores de edad: Una visión empírica" (*La protección de los derechos humanos por las defensorías del pueblo*. Escobar, G. (ed.), Dykinson, Madrid, 2013, p.722)

116472

identidade de xénero, aínda hoxe se producen situacións que mostran que a igualdade real do colectivo LGTBI aínda non alcanzou a súa plenitude. Neste sentido, o Valedor do Pobo, como órgano independente encargado de velar polo respecto aos dereitos humanos e dignidade das persoas, preséntase como institución idónea para abordar un estudo desta realidade na nosa comunidade.

O traballo que desenvolvemos desde a defensoría atopa o seu fundamento no artigo 14 da Carta Magna, que consagra o principio de igualdade de todas as persoas, con independencia de calquera condición, facendo expresa referencia ao nacemento, a raza, o sexo, a relixión e a opinión como circunstancias de posible discriminación, ou de "calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". Neste marco, sen ningunha dúbida, e tal e como precisou o Tribunal Constitucional, temos que incluír a orientación sexual e a identidade de xénero.

Este principio constitucional básico, que se configura como un dos valores fundamentais do noso ordenamento xurídico, hai que conxugalo coa obriga que o artigo 9.2 da Norma Suprema impón aos poderes públicos, no sentido de que teñen o deber de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo, e dos grupos en que se integra, sexan reais e efectivas, e de remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O traballo do Valedor do Pobo nesta área está orientado á defensa do exercicio pleno dos dereitos por parte de todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual ou identidade de xénero, para que o principio de igualdade propugnado sexa real e efectivo.

Con esta intención abórdase o presente informe extraordinario, que se elabora non marco do disposto non artigo 36.2 da Lei do Valedor do Pobo de Galicia, e iso sen perder de vista as facultades que a Lei 12/2014, de igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, outorga ao Valedor do

Pobo como institución independente encargada de velar pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI nesta Comunidade Autónoma.

Nas páxinas que suceden pretendemos realizar unha análise descritiva da situación das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia. Moitos dos problemas que teñan serán similares aos doutras partes do territorio español, pero haberá cuestións que se modulen en función da normativa autonómica ou mesmo da idiosincrasia e peculiaridades da sociedade galega.

Para realizar este traballo resultou fundamental contar coa valoración das asociacións que aglutinan e representan os intereses da comunidade LGTBI en Galicia. Ninguén mellor que estas entidades para poñer encima da mesa as situacións que, día a día, evidencian que aínda queda moito camiño que percorrer, na contorna social, educacional e institucional, para lograr alcanzar esa tan proclamada igualdade. As súas achegas foron as que nos permitiron retratar as necesidades de lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais dirixidas ás nosas administracións, así como as súas propostas de mellora para conquistar unha maior tolerancia social.

Escoitar a súa voz, os seus problemas cotiáns, recoller as súas demandas e inquietudes permitiu mergullarnos nesta realidade, a partir de testemuños de primeira man e vivencias con altas doses de realismo e tamén preocupación.

Esta investigación, ademais de contribuír a trasladar á sociedade unha realidade que moitas veces se descoñece, debe ter por meta mellorar as condicións de vida destas persoas en Galicia. O coñecemento e a descrición dos problemas, cabe resaltar nesta introdución, resulta ineludible da abordaxe da natureza e perspectiva deste traballo, que se circunscribe ao territorio da nosa Comunidade Autónoma e ao momento de finalización do informe.

116474

En último termo, non podemos deixar de resaltar a actitude de total colaboración, empatía coas nosas pretensións, e dispoñibilidade que todas as asociacións e entidades consultadas, sen excepción, tiveron desde o primeiro momento co Valedor do Pobo. Vaia por diante o noso agradecemento á súa boa acollida que, esperamos, se traduza en satisfacción tras coñecer os resultados do noso traballo.

3. Terminoloxía

– "O bebé, ¿é neno ou nena?"
– "Non o sabemos, aínda non nolo dixo"[2]

Antes de profundar na cuestión obxecto deste informe, consideramos necesario realizar unha aproximación terminolóxica a determinados conceptos que imos manexar. Coñecedores do perigo que ás veces a categorización implica, isto é, o risco de empregar etiquetas demasiado deterministas, entendemos que, tratándose do asunto que imos abordar, a ambigüidade ou ausencia de claridade dalgúns termos poden inducir a confusión entre os profanos. Mesmo algúns de novo cuño poden resultarlles plenamente descoñecidos, de aí que se xustifique a súa presenza a modo de glosario.

Sen querer ser excluíntes doutros conceptos nin pretender unha abordaxe da cuestión terminolóxica desde un punto de vista científico, consideramos que o máis adecuado era remitirnos ás definicións recollidas nalgúns textos internacionais ou nacionais, ás acuñadas por autores que traballan na materia ou ás empregadas nas páxinas web de asociacións que traballan e defenden os dereitos da comunidade LGTBI. Convén advertir de antemán que en moitos destes conceptos houbo unha evolución, de maneira que a

2 BORNSTEIN, K. Gender Outlaw: on men, women and the rest of us. Vintage, 1995.

116475

definición que podemos manexar hoxe, posiblemente non coincida coa que imperaba hai uns anos. Convén sinalar, así mesmo, que non ao redor de todos eles existe consenso.

Así, poñendo por diante a importancia de respectar a liberdade das persoas sobre a maneira na que se definen a si mesmas, a continuación recollemos a aproximación terminolóxica a algúns conceptos empregados neste informe:

A. Sexo-xénero

O sexo refírese á bioloxía das persoas, ao conxunto de características anatómicas (morfoloxía, xenética, composición hormonal, etc.) que nos definen como machos, femias ou, no seu caso, intersexuais.[3]

O xénero refírese á construción social que facemos en torno ao que consideramos masculino e feminino nunha determinada época e lugar concreto. Sería o conxunto de características adoptadas social e culturalmente como expresión e manifestación do sexo das persoas.

Para a Organización Mundial da Saúde (OMS) o sexo refírese ás características biolóxicas e fisiolóxicas que definen os homes e mulleres, mentres que o xénero refírese aos papeis, comportamentos, actividades e atributos construídos socialmente, que a sociedade considera apropiados para os homes e para as mulleres. Así, “home” e “muller” son categorías vinculadas ao sexo, mentres que “masculino” e “feminino” son categorías vinculadas ao xénero.

3 Definición extraída da páxina web da Asociación Chrysallis de familias de menores transexuais.

116476

B. Identidade de xénero

Que é a identidade? Segundo o Dicionario da Real Academia Española, a identidade é a conciencia que unha persoa ten de ser ela mesma e distinta ás demais.

A partir de aí, a identidade de xénero alude á percepción que cada ser humano ten de si mesmo como home ou muller, de sentirse home ou muller, con independencia do sexo asignado bioloxicamente ao nacer.

Segundo os Principios de Yogyakarta, aos que nos referiremos máis adiante, a identidade de xénero refírese á "vivencia interna e individual do xénero tal como a persoa a sente profundamente, a cal podería corresponder ou non co sexo asignado no momento do nacemento, incluíndo a vivencia persoal do propio corpo (que podería involucrar a modificación da aparencia ou a función corporal a través de medios médicos, cirúrxicos ou doutra índole, sempre que esta sexa libremente escollida) e outras expresións de xénero, incluíndo a vestimenta, o modo de falar e os modais."[4]

4 Como veremos máis adiante, os Principios de Yogyakarta, principios sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero, son o resultado dunha reunión de especialistas realizada en Yogyarkarta, Indonesia, do 6 ao 9 de novembro de 2006. Nela adoptáronse unha serie de principios onde queda recollido o estado da lexislación internacional de dereitos humanos en relación ás cuestións de orientación sexual e identidade de xénero.

116477

C. Orientación sexual

Refírese ao obxecto de desexo. Podería definirse como a capacidade de cada persoa de sentir atracción e de manter relacións íntimas a nivel emocional, afectivo e sexual con persoas dun xénero diferente ao seu, ou do seu mesmo xénero, ou de máis dun xénero.[5]

A orientación sexual pode ser moi diversa na súa tipoloxía:

Heterosexualidade: sería a orientación sexual caracterizada pola atracción cara a persoas doutro sexo.

Homosexualidade: vén referida á atracción sexual cara a persoas do mesmo sexo. Dentro deste grupo podemos distinguir, á súa vez, a **lesbianas**, para facer referencia á homosexualidade feminina, e a **gays**, para aludir á homosexualidade masculina.

Bisexualidade: termo que se utiliza en relación á orientación sexual caracterizada pola atracción cara persoas de ambos sexos.

Asexualidade: estaríamos falando neste caso de persoas que teñen necesidades emocionais pero carecen de desexo polo pracer sexual.

D. Intersexualidade

Intersexual é un termo xeral usado para unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha anatomía reprodutiva ou sexual que non encaixa nas típicas definicións

5 Extraído da terminoloxía empregada nas Directrices para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos por parte das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transxénero e intersexuais (LGTBI), adoptadas polo Consello da UE o 24.06.2013, moi similar á recollida nos Principios de Yogyakarta.

116478

de femia e macho. Por exemplo, unha persoa pode nacer con aparencia de ser unha muller externamente, pero internamente ter unha anatomía maioritaria tipicamente de home. Tamén pode ocorrer que unha persoa naza con xenitais que aparentemente están a medio camiño entre os xenotipos masculino e feminino. Por exemplo, unha moza pode nacer cun clítoris sensiblemente grande ou carecer de apertura vaxinal, ou un mozo pode nacer cun pene notablemente pequeno cun escroto que está dividido e parece máis uns labios.[6]

Refírese ás variacións corporais respecto dos estándares culturais establecidos de masculinidade e feminidade, incluíndo variacións a nivel de cromosomas, gónadas e xenitais.[7]

E. *Homofobia/transfobia/lesbofobia/bifobia/LGTBIfobia*

Medo irracional e/ou odio aos homosexuais ou ao amor entre dúas persoas do mesmo sexo/transexuais/lesbianas/bisexuais ou ao colectivo LGTBI.

F. Transexualidade

Entre as múltiples definicións que existen acerca da transexualidade, as máis comúns ou populares fan referencia, por unha banda, a que son persoas atrapadas nun corpo equivocado e, desde unha óptica diferente, a que son persoas atrapadas nunha sociedade

6 Traducción libre da definición de intersexual tomada da *Intersex Society of North América,* consultado en*:* http://www.isna.org/faq/what_is_intersex

7 Definición das Directrices para promover…, cit.

116479

equivocada. “En ambos os casos afírmase que as persoas transexuais están atrapadas nunha equivocación.”[8]

A transexualidade implica a diferenza entre o sexo asignado á persoa por outros ao nacer en atención ao sexo xenital e a identidade sexual ou de xénero que a persoa sente e manifesta.[9]

Desta maneira, **home transexual** sería aquela persoa home en termos de identidade sexual ou de xénero ao que, ao nacer, se lle asignou o sexo “muller” en atención ao sexo xenital.

Pola contra, **muller transexual** sería aquela persoa muller en termos de identidade sexual ou de xénero á que, ao nacer, se lle asignou o sexo “home” en atención ao sexo xenital.

Os matices son infinitos, e pode ocorrer que os nenos e nenas de maiores sexan transexuais, chegando a *hormonarse* e mesmo a someterse a cirurxías de reconstrución xenital para adecuar o seu corpo á súa identidade sexual, ou pode ocorrer que sexan *transxénero*, é dicir, que viven no rol do outro sexo pero sen necesidade de adecuar o seu corpo.[10]

Tamén pode ocorrer que a persoa *transxenérica* non se identifique completamente con ningún xénero e se sinta “fóra das categorías convencionais de xénero”. A isto denomínaselle *genderqueer*.

8 TAPIA TORRES, A. L. “No me mires lo que tengo entre las piernas: seré un pez”. Relatorio ditado no marco do Encuentro Nacional sobre la Violencia de Género: por una cultura de la paz. 25-27 marzo 2015. Guanajuato, México

9 Definicións tomadas da páxina web da asociación Chrysallis

10 Extraído da tradución e adaptación libre *de If you are concernid about your child´s gender behaviorus. A guide for parents* realizada pola asociación Chrysallis. p.7

É difícil englobar nunha soa expresión a heteroxeneidade de formas que existen de vivir identidades de xénero minoritarias. Hai quen utiliza a palabra *trans* para, desta forma, tentar representar cunha soa palabra a vivencia da identidade de xénero, que non teñen por que ser iguais entre si, pero que teñen en común que a identidade de xénero que senten non se corresponde coa que o resto da sociedade lles adxudica.[11]

G. Transformismo

Expresión artística na que unha persoa se expresa, comporta e transforma o seu aspecto adaptándoo ao do sexo contrario. O transformismo usualmente é unha práctica teatral ou lúdica que non implica unha orientación sexual concreta nin identificación co xénero que usa para a súa expresión.[12]

H. Travestí

Termo que coloquialmente se utiliza para referirse a quen se viste ou manifesta como persoas do sexo biolóxico contrario ao correspondente ao nacer. En Centroamérica e Sudamérica con frecuencia designa á muller transexual que se viste e comporta como muller pero non pretende realizar a operación de reconstrución xenital (en contraposición a muller transexual que si pretendería esa adaptación cirúrxica). En paralelo tamén se denomina travestís ás persoas que se visten e comportan conforme ao sexo feminino sen pretender a transformación ou adaptación do seu corpo ao xénero feminino e que se adoitan identificar como homes ou simplemente como travestís, en reivindicación de xénero propio. En termos psiquiátricos a palabra travestí designa ás persoas que obteñen

11 AZQUETA CHOCARRO, I. *Educar en la diversidad afectivo-sexual desde la familia*. Confederación Estatal de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos. Madrid, 2014. p. 35

12 Definición tomada da páxina web da asociación Chrysallis.

116481

algún tipo de estimulación erótica por vestirse ou practicar condutas fetichistas usando a roupa do sexo contrario. O travestismo forma parte das identidades *trans*.[13]

I. Cirurxía de reasignación sexual (CRS) ou de "cambio de sexo"

Refírese ás intervencións cirúrxicas que se realizan ás persoas transexuais para acomodar as súas características físicas ás correspondentes ao sexo reclamado. Como viamos máis arriba, algunha asociación entende que a expresión correcta sería cirurxía de reconstrución xenital. Os procedementos cirúrxicos van acompañados doutros de carácter endocrinolóxico para, xuntos, cambiar a aparencia anatómica á do sexo oposto.

J. LGTBI

Acrónimo que se utiliza para facer referencia colectivamente ás persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

K. Principio de igualdade de trato

Ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

L. Discriminación directa

Existirá cando unha persoa sexa, fose ou puider ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

13 Extraído da páxina web da asociación Chrysallis.

116482

M. Discriminación indirecta

Existirá cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

N. Discriminación múltiple

Existirá cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación.

O ser humano, en si e no conxunto social, é "pluridimensional". Nel concorren múltiples identidades. O problema radica en que as políticas de igualdade son unidimensionais e teñen dificultades para enfrontarse con "identidades múltiples", como podería ser o caso dunha muller, lesbiana e cunha discapacidade.[14]

O. Acoso discriminatorio

Existirá cando se produza unha conduta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante, ofensiva ou segregadora.[15]

---

14 RODRIGUEZ-PIÑEIRO BRAVO-FERRRE, M. "Discriminación múltiple", *Diario La Ley*, nº 8571. 29 xuño 2015.

15 Estas últimas 5 definicións corresponden ás recollidas no art. 3 da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

116483

A linguaxe pode ser tamén unha ferramenta para visualizar ou non ocultar determinadas realidades. Do mesmo xeito que levamos anos traballando pola xeneralización no emprego dunha linguaxe non sexista, que non exclúa á muller, hai que traballar polo recoñecemento, tamén a través do uso da linguaxe, da existencia de distintas realidades. Así por exemplo, o cambio nas leis de termos como “marido” e “muller” por “cónxuxe”, ou “pai” e “nai” por “proxenitor”, contempla a diversidade actual e permite, tamén a través da linguaxe, dar cabida a novos modelos de familia distintos da denominada familia tradicional.

116484

II. A REALIDADE DE LESBIANAS, GAYS, BISEXUAIS, TRANSEXUAIS E INTERSEXUAIS

1. A problemática específica das persoas LGTBI no século XXI

A identidade de xénero e a orientación sexual son características propias da personalidade humana. Por tanto, o dereito para vivir libremente a propia orientación sexual ou identidade de xénero e a expresalas sen temor, se así se desexa, son dereitos humanos no máis pleno sentido da palabra.

Con todo, en demasiados países no mundo e, pese ao compromiso dos seus gobernos de protexer os dereitos humanos de todas as persoas sen discriminación ningunha, aínda se priva a lesbianas, gays, bisexuais e persoas transexuais do seu dereito fundamental á vida, á seguridade e á igualdade ante a lei.

Mesmo nos países que máis avanzaron no campo do recoñecemento da dignidade, a liberdade e a igualdade para as persoas LGTBI, este recoñecemento non deu máis que os primeiros pasos dun longo percorrido no plano material ou social. Nalgúns países, aínda que se produciron avances notables, no concernente ao tema que nos ocupa aínda perviven elementos homofóbicos nas súas normas sociais e morais. Se a isto unimos o feito de que a heterosexualidade se siga considerando como “o normal”, cando non como a única opción lexítima con carácter excluínte, fai que se xeren, aínda hoxe, situacións de desigualdade, discriminación e exclusión para as persoas LGTBI.

116486

Os últimos países en sumarse á legalización dos matrimonios entre persoas do mesmo sexo foron Irlanda e Estados Unidos. Neste último, o Tribunal Supremo fallou o 26 de xuño de 2015 a favor da legalización do matrimonio entre persoas do mesmo sexo en todo o país. Con esta decisión histórica anúlase a potestade dos Estados de prohibir as unións homosexuais, convertendo o matrimonio entre persoas do mesmo sexo nun dereito constitucional.

Con todo, aínda hoxe na propia Unión Europea hai un grupo importante de Estados, como Italia ou Bulgaria, entre outros, que non teñen recoñecidas nas súas normas as unións entre persoas do mesmo sexo.

Segundo un estudo sobre persoas LGTBI na Unión Europea elaborado pola Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (*European Union Agency for Fundamental Rights-FRA*), unha de cada dúas persoas LGTBI enquisadas na UE sentiuse discriminada ou acosada por razóns de orientación sexual; unha de cada tres fora obxecto de discriminación ao acceder a bens e servizos; unha de cada catro fora agredida fisicamente; e unha de cada cinco fora obxecto de discriminación no seu emprego.

Fóra das fronteiras europeas a situación é moito peor, como testemuña o feito de que aínda en moitos países a homosexualidade se condene con penas de cárcere, especialmente en África, ou mesmo coa pena de morte en determinados países islámicos.

De acordo cos estudos feitos ata a data, a maioría das persoas homosexuais e transexuais ocultan total ou parcialmente a súa condición para evitar problemas. Isto produce lesións na súa autoestima e barreiras e déficits considerables na comunicación cos demais, o que repercute negativamente na socialización e o normal desenvolvemento desde o punto de vista humano.

116487

No mundo laboral, aquelas persoas que exteriorizan con liberdade a súa condición homosexual ou transexual atópanse, en moitas ocasións, con problemas tales como revogacións de contratos temporais ou entorpecemento na promoción profesional dentro da empresa, con indicios sólidos de que iso se debe a actitudes de discriminación material por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. Neste contexto, as persoas transexuais, sobre todo as mulleres, atopan serias dificultades para a súa inserción laboral.

Nas escolas rexístranse situacións de acoso ou *bullying* contra persoas adolescentes que exteriorizaron a súa orientación homosexual ou ás que se atribúe tal condición por posuír algún elemento na súa personalidade que se asocia con ela.

No ámbito das relacións sociais, son moitas as parellas homosexuais que non se comportan con liberdade e se autocensuran por medo a agresións, insultos, vexacións, miradas hostís ou comentarios maledicentes.

Estes son só algúns exemplos dun fenómeno estendido e caracterizado pola desigualdade da que son vítimas as persoas LGTBI nas diferentes esferas da sociedade.

As formas en que se sofren esas discriminacións resultan heteroxéneas, aínda que existe un factor común a todas elas: o dano que se inflixe á dignidade das persoas como consecuencia da súa pertenza a determinados grupos estigmatizados por sectores da sociedade.

Os modelos de exercer a violencia contra estas persoas tamén se presentan en múltiples variacións e poden aparecer interrelacionados con outras formas de acoso e en contextos plurais. Abordar a complexidade e gravidade destes abusos supón tamén subliñar a obriga que teñen os poderes públicos de ocuparse tanto da violencia *homofóbica* e *transfóbica*, como da discriminación da que nace esa mesma violencia.

116488

Un dos principais argumentos aludidos polas persoas *homófobas*, *bífobas* e *tránsfobas* baséase na negación da existencia de persoas homosexuais, bisexuais e transexuais. No caso de lesbianas e gays, a historia demostrounos que, a consecuencia da invisibilidade á que se viron condenados, naceron un gran número de estereotipos e prexuízos que calaron na sociedade. Moitos deles, lamentablemente, aínda non desapareceron, a pesar de que vivimos nun clima, en xeral, de maior tolerancia. Ás persoas LGTBI atribúenselles actuacións de perversidade e vergoña polas súas formas de relacionarse e expresarse, no que consideramos graves vulneracións da dignidade e a autoestima das mesmas, condenables para todos os efectos.

Este contexto social fai que durante a adolescencia os mozos que integran este colectivo adoiten rexeitar os sentimentos de desexo e/ou afecto cara a persoas do mesmo sexo. Téndense a negar, non só ante os demais, senón tamén ante un mesmo. Un gran número de mozos e mozas LGTBI "non quere ser así", e en consecuencia esconden os seus sentimentos e a súa forma de vida. Nalgúns casos este ocultamento únese a un esforzo de simulación por asumir os comportamentos e condutas que, a xuízo do novo, poderían reforzar unha hipotética aparencia heterosexual.

Hai que facer referencia tamén ao medo ás represalias que os asola, o que dificulta e impide moitas veces o desenvolvemento dunha identidade sa e positiva. Nestas situacións non resulta estraño que xurdan condutas autodestrutivas, complexos de inferioridade, ansiedade ou depresións. Neste sentido, hai estudos que indican que os mozos homosexuais son tres veces máis proclives a suicidarse na adolescencia que os seus compañeiros e compañeiras heterosexuais e que algunhas persoas seguen mostrando estes síntomas de falta de autoestima e rexeitamento de si mesmas na etapa adulta.

No ámbito familiar, e a diferenza do que ocorre con outras minorías rexeitadas por cuestións de relixión ou raza, existe unha ausencia total de referentes e de información acerca da orientación sexual ou identidade de xénero. A maioría das persoas LGTBI crecen

116489

no seo dunha familia heterosexual que, a miúdo, desenvolve e transmite, aínda que sexa dunha maneira inconsciente, os prexuízos homofóbicos imperantes na súa propia cultura. Isto fai que moitos e moitas adolescentes LGTBI cheguen a crer que os seus sentimentos son únicos e sintan que están sós no mundo. Ademais, xa nos centros escolares, adoitan ter moitas máis dificultades que os seus compañeiros e compañeiras heterosexuais para relacionarse emocional e sexualmente con outras persoas.

Este illamento agrávase debido ao medo que padecen ante a posibilidade de contar a súa situación ás persoas que os rodean, anticipando posibles reaccións negativas. Gran cantidade de mozos LGTBI son vítimas de acoso nas aulas ou na súa contorna xeral sen recibir apoio externo ningún.

Conviría abrir unha reflexión sobre cantas veces se utilizan con certa normalidade palabras discriminatorias referidas á homosexualidade ou á transexualidade. Estes discursos interiorizados poden ferir ou molestar ás persoas homosexuais, bisexuais ou transexuais.

En calquera caso hai que sinalar que moitos e moitas adolescentes reciben unha reacción mellor da que esperaban cando as persoas próximas se decatan. Mostrar sorpresa ante a revelación de que alguén próximo é lesbiana, gay ou bisexual é habitual, xa que na nosa cultura a heterosexualidade presuponse e todo o contrario supón unha revelación non esperada. Para a maioría das familias, a aceptación da identidade de xénero ou a orientación homosexual ou bisexual dos seus fillos e fillas pode supoñer unha certa inestabilidade durante unha tempada. Na maioría das ocasións, a situación acaba sendo aceptada e a vida familiar volve á normalidade, unha vez que foron superados o medo ao escándalo e o temor á soidade e ao desamparo que poida sufrir o seu fillo ou filla ao facerse maior.

En resumo, pódese afirmar que ben entrado xa o século XXI, e a pesar dos innegables avances normativos que se produciron, especialmente nos países do denominado

“primeiro mundo”, o verdadeiro recoñecemento da dignidade, igualdade e liberdade das persoas LGTBI ten aínda un longo camiño por diante.

2. A poboación LGTBI na Unión Europea

Posiblemente sexa a Unión Europea a rexión xeopolítica na que máis se avanzou na loita por garantir os dereitos das persoas LGTBI e evitar toda clase de discriminación por razón da orientación sexual ou identidade de xénero. A Axencia da Unión Europea para os Dereitos Fundamentais (FRA), con sede en Viena, manifestou que a situación das persoas LGTBI na Unión Europea non é un asunto marxinal senón que se trata dun problema serio que afecta os dereitos humanos destas persoas.

A FRA realizou diversos informes nos últimos anos de entre os que cabe destacar unha enquisa sobre a situación das lesbianas, gays, bisexuais e transxénero na Unión Europea, presentada en xuño de 2013. Esta enquisa, para a que se realizaron máis de 93.000 entrevistas, é a máis importante realizada ata a data sobre este tema e pretende proporcionar aos gobernos, institucións e, en xeral, á sociedade europea, datos obxectivos, fiables e comparables sobre a situación do colectivo LGTBI na Unión Europea. En palabras do director da Axencia, a enquisa proporciona unha evidencia moi valiosa sobre a forma en que estes cidadáns sufriron discriminación, acoso e violencia en diferentes áreas.

Concretamente, a Axencia arroxa luz sobre aspectos preocupantes. Por exemplo polo feito de que case o 47% das persoas enquisadas manifesten sentirse acosadas ou discriminadas por razón da súa orientación sexual nos doce meses anteriores á realización do estudo. Das que sufriron algún tipo de violencia ou ameaza, o 59% cren que a razón foi porque os seus agresores identificáronos como membros dos grupos LGTBI.

116491

Aínda que os resultados completos da enquisa se poden consultar na páxina web da Axencia da Unión Europea para os Dereitos Fundamentais (www.fra.europa.eu), resulta de interese reproducir aquí algúns dos aspectos máis significativos.

Como xa adiantamos, case a metade das persoas enquisadas na Unión Europea, o 47%, manifestaron sentirse discriminados ou acosados nos doce meses anteriores á realización da enquisa por razón da súa orientación sexual. De entre todos os países da Unión, Holanda e Dinamarca mostran os mellores resultados con porcentaxes do 30% e do 31% respectivamente, mentres que en Lituania, que presenta os peores resultados, a persoas que sufriron algún tipo de discriminación ou acoso chegan ao 61%. De entre os diversos colectivos LGTBI, son as lesbianas as que experimentan unha maior porcentaxe destas situacións, co 55%, mentres que no caso dos gays, os datos reducen dez puntos porcentuais esta cifra, ata o 45%.

En relación coa contorna laboral, o 20% das persoas LGTBI na UE afirman sentirse discriminadas á hora de buscar un emprego ou no desempeño do seu traballo, mentres que a porcentaxe sobe ata o 32% se nos referimos a outras áreas alleas á laboral. Esta porcentaxe baixa ata o 20% e o 22%, respectivamente, en Holanda e Dinamarca e sobe ata o 41% e 42% no caso de Bulgaria e Lituania.

Especialmente indicativo resulta o dato referente ás persoas que ocultaron a súa identidade sexual durante o período escolar, antes de cumprir os 18 anos. Neste caso a media da Unión Europea é do 67% das persoas enquisadas, porcentaxe que chega ao 81% no caso de Lituania. Este dato débese poñer en conexión con outro: o número de persoas que oíron comentarios negativos ou percibiron condutas nocivas sobre algún compañeiro ou compañeira de clase considerado como LGTBI. O 91% das persoas que participaron na enquisa na Unión Europea responderon afirmativamente, e no caso de Chipre a porcentaxe sobe ata o 97%.

116492

Outro dato que debería provocar unha profunda reflexión é o feito de que o 28% das persoas transxénero entrevistadas afirmaron ser vítimas de violencia ou de ameazas de violencia en máis de tres ocasiones nos últimos doce meses.

Estes son só algúns dos datos que arroxa a enquisa e que demostran que, mesmo onde máis se avanzou desde o punto de vista normativo nos últimos anos, seguen producíndose discriminacións, acosos e episodios de violencia contra as persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais ou intersexuais. Con todo, tamén hai que ter en conta que os mellores resultados obtéñenos países moi avanzados socialmente como Holanda ou Dinamarca, o que demostra que as medidas de índole lexislativa, educativas e de divulgación producen resultados evidentes.

Á luz destes resultados, o 4 de febreiro de 2014 o Parlamento Europeo aprobou un informe no que establece a necesidade de que a Unión Europea elabore unha folla de ruta para protexer os dereitos fundamentais das persoas LGTBI, o que se pode interpretar como un avance na salvagarda dos seus dereitos.

3. A realidade da comunidade de LGTBI en España e en Galicia

Se con carácter xeral é difícil atopar estudos e datos de poboación LGTBI, esta misión resulta moito máis complicada se desexamos focalizar o obxecto do estudo no ámbito territorial de Galicia. Ademais, o feito de que en Galicia non exista un observatorio contra a homofobia ou sobre a situación dos dereitos das persoas LGTBI agudiza a falta de datos fiables sobre a situación destas persoas na nosa Comunidade.[16]

16 A nivel estatal, acábase de presentar o Observatorio contra la discriminación por orientación sexual e identidad de género, accesible na páxina web www.stoplgtbifobia.org. Un dos obxectivos do observatorio é que as persoas agredidas denuncien, facilitando a presentación de denuncias on-line.

116493

Entendemos que a dificultade radica en que os aspectos a consultar pertencen á esfera máis íntima, subxectiva e privada das persoas, que moitas veces se estenden a cuestións acerca de sentimentos, vivencias ou opinións persoais, que dificultan o acceso a estes.

Ademais, e como ocorre na sociedade en xeral, desde o punto de vista da comunidade investigadora, non é un tema tan coñecido como outros, o que fai que a variable da orientación sexual ou identidade de xénero non sexa incorporada de maneira transversal en estudos que así o puidesen aconsellar. Isto fai que o número de análises que nos poden servir de fonte de consulta da realidade galega non sexa, de momento, moi destacable. O que si constitúe unha realidade a ter en conta é que diversos traballos realizados pola Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea poñen de manifesto que o 88% dos cidadáns españois cre que a homosexualidade debe ser aceptada pola sociedade, o que supón un grao de aceptación máis elevado que o de moitos estados da nosa contorna.

Os resultados da enquisa realizada pola FRA, á que xa nos referimos neste informe, así o demostran. Deste xeito, se a media da porcentaxe de persoas que se sentiron discriminadas ou acosadas por razón da súa orientación sexual nos últimos doce meses era do 47% na Unión Europea, no caso de España a porcentaxe baixa ata o 38%. A porcentaxe de persoas LGTBI que se sentiron discriminadas na contorna laboral é do 20% na Unión Europea e do 17% en España. En ámbitos distintos do laboral, a porcentaxe na UE é o 32% mentres que en España é o 27%. Se pasamos á contorna escolar obsérvase que en España, o 66% de persoas LGTBI ocultaron a súa identidade sexual durante esa etapa, un punto porcentual por baixo da media europea.

Dentro do colectivo LGTBI, convén facer unha referencia específica ás persoas transxénero e transexuais. Como en tantos outros países, atópanse nunha situación de especial vulnerabilidade. Existe, por exemplo, un gran descoñecemento na sociedade en xeral, pero tamén entre os e as profesionais do ámbito educativo e sanitario, sobre a existencia destas persoas. Son moitos os estereotipos negativos e os prexuízos existentes e, en non

116494

poucas ocasións, estas persoas son relacionadas con actitudes frívolas ou caprichosas, obviándose totalmente a cuestión de fondo: a identidade de xénero.[17]

Sobre este particular, o Departamento de Psicología Social, Antropología Social, Trabajo Social y Servicios Sociales de la Universidad de Málaga presentou un estudo en 2011 sobre a transexualidade en España, sendo o primeiro deste tipo no noso país. Segundo a estimación realizada en 2009, a poboación transexual en España ascendería a 2.292 persoas (1.632 mulleres e 660 homes), e aumentaría en 67 persoas cada ano. Outras estimacións falan de entre 7.000 e 9.000 persoas. O estudo achega datos importantes como o baixo nivel de ingresos (1 de cada 3 baixo o nivel da pobreza), que case o 50% exerceu o traballo sexual nalgunha ocasión e que na mostra dáse unha taxa de paro de máis do 35%. Segundo estimacións da Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuales e Bisexuales esta taxa achegaríase realmente ao 70%.

En canto aos diversos tratamentos realizados para adecuar o aspecto físico á identidade sexual, obsérvase que a maioría someteuse a tratamento hormonal. No caso da intervención cirúrxica, aínda que tamén a maior parte das persoas enquisadas sinalan terse sometido a estas, prodúcese un descenso notable con respecto ao tratamento hormonal. Por último, no caso da reasignación de sexo obsérvase que unicamente un 15% sinala terse sometido á dita cirurxía.

Polo que respecta á poboación LGTBI en Galicia, débese ter en conta que unha das variables que poden incidir nos datos e a realidade da poboación LGTBI é o lugar de residencia. Dependendo da contorna, rural ou urbana, e do tamaño do municipio, isto terá unha incidencia directa na forma en que as persoas teñen de vivir a súa sexualidade e identidade de xénero.

17 La situación de las personas transgénero y transexuales en Euskadi. Informe extraordinario da situación do Ararteko ao Parlamento Vasco. Ararteko, 2009

116495

Non sería o mesmo, nesta liña, manifestar publicamente a identidade sexual nun municipio de cen habitantes da Galicia rural que decidirse a vivir libremente a sexualidade ou identidade nunha gran urbe, máis aberta e cosmopolita, onde se pasa máis inadvertido.

Con carácter xeral, coa esixida prudencia que obriga o exercicio de extrapolación de parámetros estatais motivado pola ausencia de datos concretos do noso territorio, pódese afirmar que a situación das persoas LGTBI en Galicia (e en España), desde o punto de vista dos dereitos humanos, resulta algo mellor que a media da Unión Europea e, en moitos sentidos, non está lonxe da dos países máis avanzados da nosa contorna. Isto indica, sen dúbida, que nos últimos anos realizouse un traballo importante en prol do recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI e da sensibilización da sociedade. Con todo, tal e como indican a enquisa e os informes da Axencia Europea para os Dereitos Fundamentais, seguen producíndose discriminacións e episodios de violencia por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos cidadáns, polo que aínda queda un longo camiño que percorrer.

116496

III. A NORMATIVA SOBRE DEREITOS HUMANOS E A SÚA APLICACIÓN ÁS CUESTIÓNS RELATIVAS Á ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

1. Os dereitos da comunidade LGTBI na normativa de dereitos humanos

Como xa se sinalou, a identidade de xénero e a orientación sexual son características propias da personalidade humana. Por tanto, o dereito para vivir libremente a propia orientación sexual ou identidade de xénero, e a expresalas sen temor, son dereitos humanos no máis pleno sentido da palabra.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos aprobada o 10 de decembro de 1948 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas establece o seguinte:

> *"Considerando que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana (...)*
>
> *Artigo 1: Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.*

116498

Artigo 2.1. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición."

Pola súa banda, o artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea prohibe calquera tipo de discriminación, incluídas as exercidas por razón de sexo ou de orientación sexual.

O dereito á dignidade humana constitúe a fonte da que emanan os dereitos fundamentais relativos á liberdade persoal, ao libre desenvolvemento da personalidade, á igualdade e á non discriminación nin exclusión, e á integridade física e moral. Pois ben, temos que significar que a realidade que vive a poboación LGTBI na inmensa maioría dos países supón unha vulneración dos ditados desta. As normas sociais (e mesmo en moitos países tamén as legais) obrigan ás persoas cunha orientación sexual ou identidade de xénero distinta da maioritaria, a ocultar, reprimir e mesmo autocensurar a natureza das súas relacións. Con este comportamento tentan evitar situacións de discriminación que asumen unha infinidade de formas, ben por medio da exclusión ou estigmatización social, risco de agresións ou mesmo, nos casos máis extremos, poden chegar a carrexar penas de cárcere. Estes transos carrexan, como é de esperar, consecuencias lesivas na autoestima e no desenvolvemento da personalidade en moitas destas persoas.

A pesar das declaracións grandilocuentes, a realidade é que hoxe en día, a homosexualidade considérase ilegal en máis de 70 países no mundo. En dez deles castígase coa morte. Os Estados con penas máis severas para a homosexualidade son os países musulmáns que aplican a *sharia* (lei islámica) así como as antigas colonias do imperio británico, que aínda fundamentan as súas normas na lexislación colonial británica. Pola contra, a homosexualidade era raramente ilegal baixo a dominación francesa e a maioría das antigas colonias españolas abandonaron as leis anti gay hai xa algún tempo.

116499

Así, vivir en democracia non significa necesariamente estar protexido pola lei nin amparado polo Estado. Pero non só é o Estado quen persegue senón tamén a sociedade, moitas veces ante a mirada impasible das autoridades.

Por iso, ao esbozar a situación das persoas LGTBI no mundo non nos podemos centrar só nos códigos legais de cada país. A sociedade, en moitas ocasións, mostra a súa fobia ante os colectivos que defenden a súa liberdade afectiva, aínda que as leis lles sexan favorables.

Non todo se consegue coas reformas legais. As actitudes sociais teñen que cambiar. Pero a lei é un comezo e o instrumento para quen está en perigo e debe ser protexido. As leis que tratan ás persoas como cidadáns iguais con iguais dereitos constitúen unha mensaxe clara por tanto para as minorías. Despois dos 66 anos que pasaron desde que se aprobou a Declaración Universal de Dereitos Humanos, desgraciadamente aínda podemos constatar que a dignidade dos seres humanos non é universalmente respectada no noso planeta.

Por dignidade temos que entender a liberdade da persoa para auto determinarse e para buscar a súa realización na vida conforme ás súas características persoais e a súa vontade, nun contexto de respecto mutuo e de salvagarda das condicións materiais mínimas de vida; de aí que poidamos constatar que o dereito fundamental á dignidade das persoas LGTBI non está debidamente garantido en termos equiparables ao dos homes e mulleres de orientación heterosexual en practicamente ningún país do planeta. Resultan moi notables as diferenzas entre países que, como se apuntou, resultan abismais entre os Estados onde existe regulación que recoñece para as citadas persoas o dereito á igualdade e os que criminalizan a homosexualidade mesmo coa pena de morte, como xa citamos máis arriba.

En consecuencia, debemos subliñar a necesidade de que as institucións, tanto públicas como privadas, que traballamos a favor dos dereitos humanos teñamos presente nas nosas actuacións a realidade das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e

intersexuais, abandeirando a defensa dos seus dereitos fundamentais e, por conseguinte, a demanda de que se habiliten as reformas normativas e o establecemento de políticas públicas necesarias e eficaces para a protección e a promoción deses dereitos.

Neste sentido, é preciso sinalar que no ADN dos *ombudsman* está o ser institucións garantistas que teñen asignada a función xenérica de velar polo respecto dos dereitos das persoas. Deste principio derívase o deber de levar a cabo aquelas actuacións que teñan por obxecto a protección do dereito fundamental máis básico, a dignidade, sobre o que pivotan, en boa medida, o resto dos dereitos elementais do ser humano; aqueles que deben constituír unha sorte de código xenético de valores éticos e normas constitutivas de toda sociedade que se organiza sobre o gran alicerce do respecto aos dereitos humanos.

Convén afastarse por un momento da lectura máis catastrofista no referente ás persoas LGTBI para constatar avances conquistados nas últimas décadas. Así, o 17 de maio de 1990, a Organización Mundial da Saúde suprimiu a homosexualidade da súa listaxe de enfermidades mentais. As formulacións sobre diversidade de orientacións sexo-afectivas e de recoñecemento e garantía da igualdade formal e material entre todas elas son relativamente novos en termos históricos. Agora ben, o comezo dos procesos de emancipación e igualdade para as mulleres ou para a poboación negra en EEUU ou en Sudáfrica son tamén relativamente recentes na Historia da Humanidade e podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que os citados procesos non alcanzaron aínda os obxectivos desexados e que, en consecuencia, faise necesario que os poderes públicos sigan implementando, reforzando e xerando políticas proactivas. Algo similar ocorre con respecto á minoría LGTBI, coa diferenza de que o proceso que ten por obxecto a garantía legal e real dos seus dereitos fundamentais non fixo máis que comezar e ten un longo percorrido, mesmo nos países con democracias máis avanzadas.

Cando falamos de avance da Humanidade, partindo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que vincula a todos os países membros de Nacións Unidas e inspira todo o marco

116501

xurídico internacional de protección dos dereitos humanos, non podemos referirnos máis que a unha continua ampliación e afondamento de dereitos que conduza a democracias cada vez máis inclusivas e máis respectuosas coa dignidade de todas as persoas. Lembremos que cando se aprobou a Declaración, a situación das minorías étnicas e das mulleres era deplorable. Afortunadamente producíronse importantes avances respecto dos devanditos colectivos grazas, en boa medida, ao incansable labor das institucións pro dereitos humanos, moitas das cales xa incorporaron ás súas actividades a defensa da dignidade das persoas, independentemente de cal sexa a súa orientación sexual ou identidade de xénero.

2. Lexislación internacional: especial referencia á Unión Europea

Non se pretende abarcar neste informe unha análise profunda da normativa internacional sobre dereitos humanos e persoas LGTBI. Con todo, cremos conveniente realizar algúns apuntamentos breves sobre o tema, que nos permitan servir como referencia para coñecer o estado da cuestión, no contexto internacional, no momento actual.

O 26 de marzo de 2007 viron a luz os coñecidos como ”Principios de Yogyakarta”, aos que xa se fixo alusión en páxinas precedentes. Os devanditos principios constitúen unha declaración na que se pon de manifesto que a lexislación internacional sobre dereitos humanos é de aplicación ás cuestións de orientación sexual e identidade de xénero. Así, establécese que as persoas LGTBI teñen dereito á vida, a vivir sen violencia e sen tortura, á privacidade, ao acceso á xustiza e a non ser detidas arbitrariamente. Neste sentido, declárase que as leis que, dunha ou outra forma, penalizan a homosexualidade, son contrarias ao dereito á non discriminación recoñecido internacionalmente.

O 18 de decembro de 2008, os gobernos de Francia e Holanda pronunciaron unha declaración ante a Asemblea Xeral das Nacións Unidas en nome da Unión Europea e apoiada

116502

por sesenta e seis países de todos os continentes. Na mesma, pedían a despenalización en todo o mundo da homosexualidade e condenábanse as violacións dos dereitos humanos baseadas na orientación sexual ou a identidade de xénero, do seguinte modo:

"Urximos aos Estados a tomar as medidas necesarias, lexislativas ou administrativas, para asegurar que a orientación sexual ou a identidade de xénero non poidan ser, baixo ningunha circunstancia, base para unha persecución penal, en particular execucións, arrestos ou detencións".

Finalmente, no ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos das persoas LGTBI así como unha declaración formal de consenso dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero.

Centrándonos no ámbito europeo, o xa citado artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea establece que:

> "*Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou convicción, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual*".

En consonancia con esta declaración, as institucións europeas mostráronse especialmente activas en relación cos dereitos da comunidade LGTBI. Así, o Parlamento Europeo opúxose de forma expresa a calquera discriminación que teña por motivo a orientación sexual e pediu aos Estados que intensifiquen a loita contra a homofobia e á Comisión Europea que garanta que todos os Estados cumpren a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

116503

Neste marco, pódense destacar dúas Resolucións do Parlamento Europeo. A Resolución de 8 de febreiro de 1994 sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gays, na que insta a todos os Estados membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato; e a Resolución de 18 de xaneiro de 2006 sobre a homofobia en Europa, na que pide aos Estados que adopten todas as medidas que consideren adecuadas para loitar contra a discriminación por razón da orientación sexual.

Máis recentemente, o 8 de xaneiro de 2014, o Parlamento Europeo aprobou o informe sobre a folla de ruta da UE contra a homofobia e a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero.

Pola súa banda, o Consello da UE tampouco estivo inactivo nesta orde e así, por exemplo, na súa reunión de 24 de xuño de 2013 aprobou unhas directrices para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos polas persoas lesbianas, gays, bisexuais, *trans* e intersexuais. Falta, con todo, a aprobación da proposta de Directiva pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre as persoas independentemente da súa relixión ou convicccións, discapacidade, idade ou orientación sexual (Com 2008 (0426)). Pola obrigatoriedade de adaptar a normativa interna de cada Estado membro ao contido das Directivas, esta norma está chamada a converterse nunha peza crave da construción Europea en materia de igualdade e non discriminación.

A acción máis recente nesta materia na contorna europea é a resolución do Consello de Europa do pasado 22 de abril de 2015, cuxo punto terceiro considera unha violación dos Dereitos Fundamentais, entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Xa o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, o verán do 2011, solicitara á OMS a *despatoloxización* da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” (como se denomina á transexualidade en certos manuais de medicina) debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países

116504

representados polo Consello de Europa e os organismos internacionais de saúde. Engade que “manter este termo que designa ás persoas que viven un desacordo entre o seu sexo biolóxico e o seu sexo psicolóxico na categoría de trastorno mental, estigmatiza ás persoas transexuais e restrinxe a súa liberdade á hora de escoller un eventual tratamento hormonal”.

3. A protección ás persoas LGTBI no Dereito estatal

Desde o século XIX en ningún código penal español se recolle ningunha penalización da homosexualidade, aínda que a liberdade sexual era reprimida a través doutras figuras como o “escándalo público”. Foi durante a ditadura franquista cando se reformou, en 1954, a *Ley de vagos y maleantes* para incluír aos homosexuais xunto a “*proxenetas, mendigos, enfermos mentales y lisiados*”. Unha nova lei represora, a *Ley de peligro y rehabilitación social* de 1970, castigaba aos homosexuais co internamento en centros de reeducación.

Tras a recuperación da democracia, iniciouse o camiño cara á normalización da homosexualidade na sociedade española. Un camiño difícil. En ocasións a falta de sensibilidade non favoreceu a consolidación real de importantes avances, como foron a modificación da *Ley de peligro* en xaneiro de 1979 para excluír ás persoas homosexuais do ámbito de aplicación desta ou a eliminación, en xuño de 1988, do delito de “escándalo público” do Código Penal. Unha nova reforma de xuño de 1989 permitiu castigar, por primeira vez, os delitos sexuais cometidos contra homes e mulleres homosexuais.

A Constitución Española recoñece aos españois e españolas o dereito fundamental á igualdade no seu artigo 14 e prohibe a discriminación. Menciona, de forma expresa, o nacemento, a raza, o sexo, a relixión, e a opinión como circunstancias de posible discriminación, aos que engade a cláusula residual “ou calquera outra condición ou

116505

circunstancia persoal ou social", onde están recollidos todos os demais elementos que conforman a personalidade do individuo incluídas, como xa puxo de manifesto a doutrina e a xurisprudencia, a orientación sexual e a identidade de xénero.

Esta disposición constitucional vén intimamente unida á consideración da igualdade como un dos catro valores nos que se fundamenta o ordenamento xurídico-constitucional (artigo 1), o cal implica que eses valores han de impregnar todas e cada unha das leis. Neste punto é de importancia capital o artigo 9.2 da Constitución, que establece claramente o deber para todos os poderes públicos de eliminar as circunstancias que producen desigualdade.

As citadas disposicións constitucionais están integradas no núcleo esencial da parte dogmática da Constitución e fortemente ancoradas na protección dos dereitos fundamentais da persoa. É de conformidade cos citados preceptos, como se ha de interpretar o artigo 32 da Constitución que recoñece o dereito ao matrimonio, de maneira que as persoas homosexuais tamén son titulares dese dereito, loxicamente para poder casar coa persoa á que aman.

Deixando a un lado o dereito constitucional ao matrimonio, é importante que nos propoñamos a aplicación do disposto polo anteriormente referido artigo 9.2 da Constitución á poboación de orientación homosexual ou de identidade transexual, cuestión esta que, ata a data, permaneceu practicamente no limbo das políticas públicas.

A *Ley de asilo* de 1984 recoñece a posibilidade de conceder a condición legal de refuxiado a quen sexa perseguido nos seus países de orixe pola súa pertenza a un grupo social determinado, polo que tecnicamente é posible, e xa houbo algúns casos, recoñecer a un home ou muller homosexual a súa condición de perseguido e, por tanto, de refuxiado. A pesar diso, sería conveniente unha regulación máis explícita do dereito de asilo para os homosexuais provenientes de países onde a homosexualidade é ilegal ou está violentamente reprimida.

116506

En canto á protección dos datos relativos á orientación sexual das persoas, a lexislación sobre tratamento automatizado de datos de carácter persoal de outubro de 1992 prohibe expresamente a creación de ficheiros cuxa finalidade sexa almacenar datos que revelen a vida sexual.

O Código Penal de 1995 supuxo a definitiva introdución en España dunha lexislación penal avanzada, democrática e progresista, que respecta e protexe a libre orientación sexual da cidadanía. Unha modificación do código en decembro de 1998, situou nos 13 anos a idade legal para manter relacións sexuais consentidas, aínda que volveu incorporar o equívoco e ambiguo concepto de "corrupción de menores", susceptible de ser aplicado a calquera tipo de relación mantida con menores de 16 anos. Tamén castiga a discriminación por orientación sexual no emprego público ou privado.

A reforma do Código Civil de xuño de 2005 permitiu en España exercer o dereito constitucional ao matrimonio ás persoas homosexuais e bisexuais. As parellas homosexuais quedan equiparadas coas heterosexuais en todos os seus dereitos. Esta reforma dá luz verde á posibilidade de adopción a estas persoas.

A Lei de identidade de xénero, aprobada no ano 2007, permite aos transexuais cambiar o xénero e o nome que figuran nos documentos oficiais como o DNI ou a inscrición no Rexistro Civil, sen ter que someterse á cirurxía de reasignación xenital; basta con demostrar que levan un período vivindo coa identidade que senten como súa. Este modelo de regulación é similar ao anunciado polo Reino Unido. En cambio, en Alemaña e Suecia, esíxese a cirurxía para que o cambio conste na documentación oficial.

Ao longo da historia, as persoas homosexuais e transexuais que non ocultaron a súa condición foron vítimas de exclusión, marxinación e rexeitamento social, o que deixou no pensamento social unha pegada aínda viva.

116507

A aplicación do mandato constitucional de igualdade, trasladado á realidade social que vive a poboación LGTBI en España, impón aos poderes públicos a obrigación de adoptar políticas públicas proactivas que teñan por obxecto remover os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade real, de forma similar ao que se está facendo desde hai varios anos para conseguir a igualdade non só formal, senón tamén material, entre mulleres e homes.

Non se trata, evidentemente, de trasladar de forma mimética ao campo da realidade da poboación LGTBI as políticas e ferramentas que se empregan para promover e garantir a igualdade entre mulleres e homes (porque aquelas hanse de axustar ás características e necesidades das persoas e das situacións sobre as que vaian operar), pero a tipoloxía e o número de accións que poden acometerse por parte dos poderes e administracións públicas para cumprir o disposto polo artigo 9.2 da Constitución en relación coa minoría LGTBI son amplísimos e é obrigación dos poderes públicos facer uso deles.

Destaca especialmente o feito de que, a diferenza de numerosos países da nosa contorna, as principais normas estatais que teñen por finalidade garantir a igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI atópanse atomizadas entre disposicións legais moi diversas. Cabe citar, entre as máis relevantes, a Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas e de orde social que, entre outras cousas, incorpora ao noso ordenamento xurídico as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE, introducindo modificacións en multitude de normativa sectorial; as xa mencionadas Lei 3/2007 reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas (chamada lei de identidade de xénero); e a modificación do Código Civil en materia de matrimonio.

Con todo, no nivel estatal, non existe unha lei xeral e omnicomprensiva, ao modo da lei galega, que teña por finalidade garantir os dereitos das persoas LGTBI e conteña os principios básicos que orienten outra reforma lexislativa.

4. Galicia: a Lei 12/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia

Estamos a asistir a un *bum* normativo de ámbito autonómico. Son varias as comunidades autónomas que recentemente aprobaron leis, ou normativa de distinto rango, que regulan cuestións relativas á igualdade de trato, a non discriminación e o recoñecemento de dereitos das persoas LGTBI, facendo unha especial referencia ás persoas transexuais. Así, aprobáronse normas en Navarra, País Vasco, Andalucía, Cataluña, Canarias e Estremadura.[18]

Con todo, probablemente, unha das leis autonómicas máis xerais e de contido máis amplo sexa a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

18 Por orde de aprobación, a normativa autonómica respecto diso, a día de hoxe, é a seguinte:

Navarra: *Ley Foral 12/2009, de 19 de noviembre, de no discriminación por motivos de identidad de género y de reconocimiento de los derechos de las personas transexuales* (BON 30 novembro 2009).

País Vasco: *Ley 14/2012, de 28 de junio, de no discriminación por motivos de identidad de género y de reconocimiento de los derechos de las personas transexuales* (BOPV 6 xullo 2012).

Andalucía: *Ley 2/2014, de 8 de julio, integral para la no discriminación por objetivos de identidad de género y reconocimiento de los derechos de las personas transexuales de Andalucía*. (BOJA núm. 139, de 18 de xullo de 2014) e *Orden de 28 de abril de 2015*, da Consejería de Educación, Cultura y Deporte *por la que se modifica la Orden de 20 de junio de 2011, por la que se adoptan medidas para la promoción de la convivencia en los centros docentes sostenidos con fondos públicos y se regula el derecho de las familias a participar en el proceso educativo de sus hijos e hijas*. (BOJA de 21 de maio 2015).

Cataluña: *Ley 11/2014, de 10 de octubre, para garantizar los derechos de lesbianas, gais, bisexuales, transgéneros e intersexuales y para erradicar la homofobia, la bifobia y la transfobia*. (DOGC 17 outubro 2014).

Canarias: *Ley 8/2014, de 28 de octubre, de no discriminación por motivos de identidad de género y de reconocimiento de los derechos de las personas transexuales* (BOIC 5 novembro 2014).

116509

Tal e como se afirma desde a exposición de motivos, a lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

No primeiro artigo afírmase que o obxecto da lei consiste en garantir o principio de igualdade de trato e a non discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. O artigo segundo dedícase ao ámbito obxectivo de aplicación e enuncia, sen restrición ningunha, que será aplicable á " vida política, social, económica, cultural e familiar".

O artigo 3 recolle case textualmente os conceptos de discriminación directa, indirecta e de acoso tipificados na Directiva 2000/78/CE e incorpora, expresamente e en termos bastante adecuados, o concepto de discriminación múltiple.

Así, sinala que "existirá discriminación múltiple cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación". E engade que "a discriminación múltiple, pola súa propia natureza, será obxecto de especial atención e, en particular, aquela en a que concorre a causa de sexo conxuntamente coa de orientación sexual e/ou identidade de xénero, de conformidade coa lexislación internacional, europea, estatal e autonómica para o efecto".

Nesta definición de discriminación múltiple aprécianse aspectos de interese. A definición advirte, acertadamente, que a través da xustaposición de causas de discriminación chégase a unha forma específica desta que está cualitativamente diferenciada das súas causas orixinarias. Por outra banda, despois de advertir sobre a necesidade de que se lle preste unha especial atención, faise fincapé nas conexións entre a discriminación por orientación e identidade sexual ou de xénero, coa discriminación por sexo do que se infire a especial proximidade entre unha e outra, especialmente en todo o que incumbe ás discriminacións por estereotipo.

Continúa a lei establecendo unhas regras que poderían considerarse como ortodoxas acerca da prohibición de represalias e expresa a contemplación de medidas de acción positiva. Así mesmo atribúese á Xunta de Galicia o deber de divulgar, entre os colectivos e individuos interesados, a norma e cantas disposicións se adopten en virtude desta.

A continuación, o artigo 7 recolle unha serie de medidas acerca das asociacións, organizacións e colectivos de LGTBI. A lei tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración con estas entidades, o cal nos leva a efectuar unha positiva valoración sobre as mesmas e sobre os seus fins. Todo iso ten unha importancia decisiva nos dereitos colectivos de reunión e manifestación, en concordancia coa xurisprudencia nesta materia ditada polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH). Para estes fins, a garantía de que poderán concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións coincidentes cos seus fins tamén resulta decisiva. Destacar, a este respecto, todas as convocatorias que teñen que ver co mantemento e apoio ás estruturas familiares, que constitúe sempre unha das máis importantes reivindicacións dos colectivos LGTBI. E, como manifestación deste apoio, a lei tamén compromete a actuación das administracións públicas galegas mediante a posta en marcha de campañas de divulgación de accións e de impulso do asociacionismo LGTBI, co obxecto de que toda a sociedade poida participar nas súas actividades e programas. Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas

como igualdade, dignidade e respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

A partir destes mandatos xerais, a lei entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza (artigos 9 a 11), laboral (artigos 12 a 14), familiar (artigos 15 a 18), de saúde (artigos 19 e 20), de educación (artigos 22 a 26), cultura e lecer (artigos 27 e 28), deporte (artigo 29), mocidade (artigo 30) e comunicación (artigos 31 a 33).

No que incumbe ás medidas laborais, a lei encarga ao organismo con competencias en materia de traballo que elabore programas de información e divulgación normativa, dirixidos aos axentes públicos e privados das relacións laborais; e que incorporen nos seus plans de formación materiais sobre igualdade que favorezan a inclusión con independencia da orientación ou da identidade sexual. Así mesmo, compromete á Administración autonómica para a realización dun estudo sobre a situación laboral e medidas a adoptar en relación con estes colectivos, para a súa plena incorporación ao mercado de traballo, á vez que a comina a poñer en marcha mecanismos de información e avaliación periódica.

En canto aos servizos públicos de emprego, os poderes públicos deberán velar con especial coidado polo respecto ao principio de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego, de conformidade coa lexislación estatal. A norma establece que a Inspección de Traballo, como órgano ao servizo das competencias de execución da lexislación laboral que lle corresponden á Xunta de Galicia, debe garantir eses mesmos principios tanto no acceso ao emprego como nas condicións de traballo.

De especial interese resulta a previsión de que, nas bases reguladoras das subvencións públicas e nos pregos dos contratos públicos, poderase impoñer como condición especial de execución o respecto a certos estándares que se poidan pactar no marco do diálogo social, coa consecuente devolución de cantidades percibidas ou a resolución do contrato en caso de incumprimento.

A lei encarga á consellería competente que promova, en colaboración coas partes sociais, un protocolo de igualdade e de boas prácticas para as relacións laborais. Por outra banda, encomenda ao Executivo autonómico a que inste as organizacións sindicais e empresariais a impulsar medidas inclusivas das persoas LGTBI nos convenios colectivos "de todos os sectores laborais", a informar sobre a normativa en materia de discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a promover os dereitos e a visibilidade destas nos centros de traballo e a tratar de modo específico a discriminación múltiple, de modo que se incentive a súa contratación. De igual forma atribúe á representación legal dos e das traballadoras, a misión de velar pola promoción do dereito á igualdade de trato e non discriminación e a adopción de medidas de acción positiva.

O capítulo de medidas de índole laboral péchao o artigo 14 dedicado ao traballo por conta propia. En primeiro lugar, pecha a posibilidade á existencia de limitacións, segregacións ou exclusións de acceso de LGTBI ao desenvolvemento dunha actividade por conta propia. Impón, como regra de principio, a imposibilidade de que existan excepcións por criterios profesionais determinantes homologables á excepción de boa fe ocupacional. Seguindo nesta idea, o mesmo artigo estende a posibilidade de establecer limitacións, segregacións ou exclusións a través dos acordos de interese profesional regulados na Lei 20/2007. Polo demais, o precepto admite que os acordos de interese profesional inclúan medidas de acción positiva.

Debemos facer referencia tamén ao capítulo III que, en canto ás medidas no ámbito da familia, aborda un concepto omnicomprensivo (artigo 15) desta, ao considerar a unidade conformada ou integrada por persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Faise especial mención aos dereitos en materia de adopción, para esixir a garantía de que nos procesos se descarte calquera tipo de discriminación por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero.

Temos que significar, por último, a importancia do resto das medidas de información e promoción da igualdade, en especial entre os colectivos especialmente vulnerables así como os apoios ás vítimas da discriminación. Debe insistirse na plena equiparación das relacións nos contextos de convivencia familiares integrados por LGTBI, porque calquera diferenza de trato en temas de dereitos de conciliación de vida familiar e laboral está abocada a constituír unha discriminación inaceptable.

Da lei galega ha de destacarse, por último, o seu perfil institucional. Por unha banda, hai que aludir ao mandato de que se avale a creación dun servizo de apoio e mediación aos LGTBI. Un fito especialmente relevante é a adscrición das competencias de supervisión nestas materias a esta institución do Valedor do Pobo como autoridade independente con facultades para velar pola igualdade de trato e non discriminación polas causas previstas na lei. Sen dúbida outorgóusenos unha responsabilidade que asumimos con gran compromiso e expectativas. A lei supón un compromiso político indubidable dos grupos parlamentarios polo que o goberno galego debe recoller este mandato do Parlamento e impulsar unha rápida posta en marcha de moitos dos contidos nela recollidos.

IV. A SITUACIÓN DA COMUNIDADE DE LESBIANAS, GAYS, BISEXUAIS, TRANSEXUAIS E INTERSEXUAIS EN GALICIA: UNHA VISIÓN DESDE A PERSPECTIVA DAS ASOCIACIÓNS

Galicia carece dun observatorio ou instrumento similar, como o recentemente creado a nivel estatal, onde se estude a situación e demandas do colectivo LGTBI. Instrumentos dese tipo permiten coñecer moi ben unha realidade polo seu traballo diagnóstico, de recollida de información e caudal estatístico. Ante esta situación, entendemos que unha das formas máis adecuadas de pulsar o día a día das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia consiste en solicitar información das entidades das que forman parte, nas que aparecen representadas, e que traballan na nosa comunidade polo cumprimento e vixilancia dos seus dereitos.

Galicia conta cun asociacionismo LGTBI de estrutura difusa, a diferenza doutras rexións do territorio estatal como Cataluña ou Madrid, onde ofrecen unha traxectoria potente e moi dilatada no tempo en favor das persoas que desexan vivir en liberdade a súa sexualidade e identidade. De feito, á hora de identificar e contactar coas asociacións e organizacións que traballan na defensa dos dereitos das persoas LGTBI en Galicia, atopámonos con certas dificultades. Na maioría dos casos estas entidades desenvolven as súas actuacións nun ámbito moi local e con pouca continuidade no tempo. Así, constitúense dunha maneira formal ou informal, despregan actividade durante un certo período de tempo pero, por diferentes motivos, vense abocadas a abandonala.

116516

Para identificar as asociacións con maior presencia en Galicia desde o Valedor do Pobo puxémonos en contacto nun principio coa Federación Estatal de lesbianas, gais, transexuales e bisexuales (FELGTBI) que, xunto con algunhas das organizacións entrevistadas, corroborou esa impresión inicial que tiñamos.

En calquera caso, queremos resaltar nestas páxinas, unha vez máis, a dispoñibilidade e colaboración de todas elas, contribuíndo dunha maneira inestimable na elaboración deste informe. Desde un primeiro momento foron plenamente accesibles, resultando as súas achegas o núcleo central do presente traballo.

A continuación ofrecemos a listaxe das entidades, asociacións e organizacións coas que nos entrevistamos. Con todas celebramos reunións e abrimos vías de diálogo cos seus representantes na sede do Valedor do Pobo, salvo coa Federación Estatal, coa que o contacto foi de maneira telefónica. Estes contactos realizáronse ao longo do último trimestre de 2014 e principios do ano 2015.

Denominación	Data da reunión co Valedor do Pobo
Chrysallis Galicia	21 de maio de 2015
Centros Quérote+	5 de xuño de 2015
It get´s better	26 de maio de 2015
Nós Mesmas	15 de xuño de 2015
Ultreia LGTBI Santiago	11 de xuño de 2015
ALAS A Coruña	8 de xuño de 2015
ALEAS-EU	26 de xuño de 2015
7 Cores	29 de xuño de 2015

116517

As reunións tiveron un carácter informal. Nelas púxose en coñecemento das entidades a realización do presente informe e a necesidade de recoller as súas impresións acerca da situación real da comunidade LGTBI en Galicia para, a partir de aí, incorporar as súas demandas coa intención de incluír toda esa información no informe como parte fundamental deste.

Precisamente, a lei galega pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, dedica un artigo ás asociacións, organizacións e colectivos LGTBI, entendendo por tales aquelas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI legalmente constituídos que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa e promoción da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero que desenvolvan a súa actividade en todo, ou parte, do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 7).

A continuación, pasamos a facer referencia ás valoracións e demandas recollidas nas entrevistas con cada unha das organizacións coas que nos reunimos.

1. Asociación Chrysallis Galicia

A Asociación Chrysallis Galicia representa a familias de menores transexuais. Esta entidade está integrada por representantes de familias de menores de idade transexuais que viven na nosa comunidade. No momento de realizar a entrevista, contaban con 11 familias asociadas, aínda que a súa creación é relativamente recente.

Chrysallis presta ademais asesoramento e apoio a familias non asociadas e mesmo a menores que non reciben o apoio da súa contorna.

116518

Aínda que as persoas *trans* viven moitas das dificultades e discriminacións que se lles presentan con carácter xeral ao colectivo LGTBI, é verdade que teñen unha situación de partida distinta que fai que, nalgunhas materias, deba dárselles un tratamento diferenciado, sobre todo en temas vinculados á sanidade e o rexistro civil.

Para a asociación "os nosos fillos non se identifican co sexo asignado porque só nos baseamos no xenital. Foi un erro noso. Hoxe, por estudos, sabemos que existen cerebros masculinos e femininos, por tanto hai mulleres con pene e homes con vulva e son tan mulleres e homes como o resto."

A partir de aí, poñen de manifesto unha serie de problemas que se lles expoñen en distintos ámbitos.

Así, na contorna educativa atopan dificultades cando se dirixen á dirección dos centros escolares para dar aviso do inicio do "tránsito social", xa que ao non existir un protocolo para seguir, o equipo directivo dos centros normalmente non sabe como actuar. Aluden tamén a que o profesorado non está debidamente formado para explicar a diversidade sexual ao alumnado, non podendo así normalizala e evitar casos de *transfobia*.

No ámbito social, poñen de manifesto que dentro da asociación hai menores que, debido ao acoso escolar e á intolerancia que sofren por parte dos seus iguais, non están a acudir ao centro escolar e quedan encerrados nas súas casas, o que lles provoca un gran sufrimento xerado pola falta de información da sociedade sobre o que é a transexualidade.

Respecto da actual regulación de cambio de nome, sinalan que os menores non se senten identificados co nome asignado ao nacer, necesitan cambialo. Consideran que nestes casos, como non hai lexislación sobre o cambio de nome do menor, están expostos ao criterio dun órgano xudicial que podería denegar o cambio de nome con todos os prexuízos que isto implicaría para o/a mozo/a.

116519

Por último, no que se refire ao tema sanitario, poñen de manifesto que os proxenitores, cando acoden a profesionais sanitarios en busca de apoio e axuda para os seus fillos, atópanse cun gran descoñecemento da transexualidade. Mesmo nalgún caso, lonxe de buscar información ou derivar a outros profesionais, emitiron un diagnóstico erróneo que causou graves consecuencias tanto ao menor como á súa familia. Entenden que estas situacións causan un dano irreparable polo que non pode permitirse que se repitan.

Consideran importante o apoio e seguimento por parte de profesionais sanitarios ben formados e o acceso gratuíto a bloqueadores e aos tratamentos hormonais necesarios. Entre outras medidas, engaden que hai que ter moi presente que no colectivo das persoas transexuais as depresións e intentos de suicidio son notablemente máis elevados que a media na etapa da adolescencia.

Para corrixir estas situacións propoñen, no contexto educativo, incluír nos currículos de primaria e secundaria a diversidade sexual e, por tanto, a transexualidade, para non negar a realidade dos seus fillos e fillas. Ademais, consideran necesario formar ao profesorado e equipos de orientación dos centros en materia de diversidade sexual.

Reclaman, por outra banda, o dereito dos seus fillos e fillas a poder vivir libremente a súa identidade sexual sen ser xulgados. Viven o tabú desde pequenos e obrígaselles a vivir segundo o que a sociedade entende que ha de ser un neno ou nena “normal”, que el é “o rariño”, obrigándolles a mostrar unha dobre vida. Cando os seus fillos realizan o tránsito social, co apoio familiar, son máis felices porque poden desenvolver a súa personalidade plenamente.

Recalcan, así mesmo, que os menores transexuais posúen legalmente un nome que delata a súa condición de persoas transexuais. Deste xeito, cada vez que deben mostrar publicamente un documento identificativo é vulnerado o seu dereito á intimidade. Faise necesario, ao seu xuízo, que os xuíces autoricen sistematicamente o cambio de nome e non se resulte unha “lotería” este proceso.

Por último, como solución aos problemas que se lles expoñen no ámbito sanitario, reclaman que se despatoloxice a transexualidade. Os seus fillos e fillas non son enfermos. Esixen o libre acceso a bloqueadores e tratamentos hormonais pola Seguridade Social e cren necesario que os profesionais sanitarios de todas as especialidades "pediatría, psicoloxía, endocrinoloxía" e calquera outro que poida estar en contacto cos seus fillos e fillas neste proceso, reciban formación acerca da transexualidade.

2. Centros QUÉROTE+

Os centros Quérote+ son un servizo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Nacen no ano 2006 como servizo especializado e específico de atención á mocidade en aspectos relacionados coa sexualidade e a afectividade. Desde que se puxeron en marcha, os servizos foron ampliándose e mellorando, pero sempre en áreas e actividades relacionadas con esa materia.

No ano 2010 ábrese o abanico a novas temáticas coa idea de promover un servizo de información e asesoramento máis integral: imaxe corporal (prevención de trastornos alimenticios e mellora do auto concepto e a autoestima), convivencia nas contornas físicas e virtuais (prevención do *bullying* e *ciber bullying*) e prevención do consumo de sustancias. Así xorde o novo nome Quérote+, debido á ampliación de novas temáticas e novas localizacións, e sempre co obxectivo de ofrecer un servizo de calidade aos mozos galegos.

Esta iniciativa foi concibida, e continúa, coa misión de dar resposta a unha demanda social manifesta. A mocidade é unha etapa que ten unha idiosincrasia propia que demanda unhas estratexias de abordaxe e atención específicas.

116521

Sobre a súa experiencia, e a nivel específico no ámbito co colectivo LGTBI, relatan que atenden demandas tanto das propias persoas protagonistas como tamén das súas familias e profesionais do ámbito educativo e social. Acoden ao servizo buscando asesoramento e información sobre os procesos de construción e coñecemento persoal (identidade sexual e orientación do desexo) e como xestionar esa particularidade nas relacións con outras persoas e a nivel familiar. O devandito asesoramento préstase de forma presencial e telefónica, aínda que tamén reciben consultas en liña ou por mensaxería instantánea.

Subliñan que nos últimos anos perciben un cambio notorio no coñecemento da diversidade sexual. Con todo, as condutas e actitudes mostran unha necesidade imperante de intervención para unha completa normalización social. Cando as persoas chegan aos centros buscando asesoramento, en moitos casos perciben a súa situación como un problema, coa idea de que ademais vai ser recibido negativamente na súa contorna familiar e social.

A experiencia de Quérote+, nos seus nove anos de funcionamento, resúmese na necesidade de que haxa espazos propios e específicos de referencia onde acudir para recibir información e ser acompañados neses procesos. A intervención debe darse a nivel social, con toda a comunidade, traballando nos diferentes espazos que interveñen, directa ou indirectamente, nos procesos de socialización. Con este obxectivo, imparten formación en centros de ensino, realizan talleres con asociacións, entidades etc., traballando en todos eles de maneira transversal a diversidade.

Por todo o anterior, con base nas necesidades detectadas no desenvolvemento do seu traballo, reclaman a elaboración de protocolo específico de actuación, tanto a nivel sanitario como educativo e social, así como a posta en marcha de campañas de información específicas. Insisten tamén na importancia dun traballo coordinado entre a administración e as entidades que traballan de maneira específica co colectivo LGTBI.

116522

3. Asociación *It Get´s Better*

Reunímonos tamén con representantes *de It Get´s Better* en Galicia. Esta asociación sen ánimo de lucro céntrase na prevención e intervención sobre o acoso escolar por razón de sexo, xénero ou orientación sexual. Constitúense en recurso específico ao que as vítimas de acoso homofóbico poidan dirixirse en caso de experimentar este tipo de *vitimización*. A vítima, así como lograr o seu benestar, son os seus principais obxectivos, polo que abordan o acoso como núcleo da súa actividade, en lugar de consideralo como unha problemática transversal. Aspiran a converterse en ferramenta efectiva para xerar un cambio positivo nas vidas dos mozos/as e adolescentes LGTBI, contribuíndo á normalización e ao fin da discriminación, e axudando a construír unha sociedade máis aberta e inclusiva.

Para iso, comunican que todo mellora (*It Get´s Better*, en inglés), proporcionan unha rede de apoio onde mentores e referentes lles mostran os niveis de felicidade e optimismo que alcanzarán nas súas vidas. Apoian a autorrealización e o empoderamento de mozos/as e adolescentes LGTBI para que logren desenvolver todo o seu potencial persoal, académico e profesional.

Esta asociación sen ánimo de lucro traballa a nivel estatal e asentouse recentemente en Galicia.

Respecto da problemática que detectan no desenvolvemento do seu traballo, inciden nalgunhas das cuestións xa expostas con anterioridade, e que se refiren fundamentalmente ao ámbito educativo, que é onde despregan o seu traballo potencial. Así, insisten na falta de coñecementos sobre diversidade sexual do profesorado. Respecto do alumnado, remarcan que tamén este carece de información, o que se agrava pola falta de contidos sobre diversidade sexual no currículo educativo dos centros.

116523

Respecto ao acoso escolar, consideran que os docentes manifestan unha falta de coñecemento sobre este tema, tanto na súa identificación como no seu tratamento, algo que se agudiza nos casos de *bullying* homofóbico. Contan cun protocolo de actuación, pero este peca de ignorar á vítima e o seu benestar. Óptase por solucións baseadas na contención, por exemplo cambiar á vítima de centro, e na punición (sancións á persoa que acosa), pero, segundo o seu criterio, déixase de lado a resolución pacífica de conflitos.

Consideran, ademais, que en Galicia a dispersión xeográfica e o gran número de pequenos núcleos rurais, é un factor para ter en conta á hora de abordar esta problemática. Nestes núcleos a existencia de estereotipos e ideas prexuizosas provocan efectos a dous niveis: dun lado, o acoso escolar non é tido en conta, normalízase a violencia entre escolares e hai menor conciencia de *vitimización*; e doutro, as persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais enfróntanse a máis dificultades, como poden ser a falta de comprensión e de apoio na súa contorna ou a ausencia de modelos, de referentes próximos.

A falta de recursos aos que dirixirse e ese descoñecemento doutros modelos de conduta dificultan a aceptación da propia sexualidade. Isto provoca que, en moitas ocasións, eses nenos/as e mozos/as crezan coa idea de que o que senten ou desexan “non é o normal”, e manteñen a súa condición en segredo polo feito de que todos se coñecen e o medo ao que dirán.

4. ALAS A Coruña

A Asociación pola Liberdade Afectivo Sexual da Coruña (ALAS A Coruña) defínese como unha asociación apartidista dirixida á loita pola igualdade efectiva do colectivo LGTBI e á prestación de servizos orientados a paliar e denunciar os prexuízos ocasionados pola discriminación e, en xeral, a imaxe que se ten do colectivo.

116524

Para iso, construíron unha serie de espazos activos durante todo o ano, desde os que fomentar o coñecemento e a desmitificación da diversidade afectivo-sexual, arroupar ás vítimas da discriminación imperante e compartir experiencias e aprender xuntos, enriquecéndose mutuamente. Actualmente dispoñen de tres dos devanditos espazos: reunións quincenais, abertas a persoas socias e non socias; ciclo de *Cine diversidade*, tamén quincenal; e un espazo virtual *online*, o seu perfil de Facebook, desde onde distribúen información, sendo este tamén un punto de acceso para calquera persoa que queira realizarlles unha consulta.

Sobre a situación das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia, expoñen unha serie de necesidades e propostas de mellora en ámbitos moi diversos.

Así, fan referencia á importancia de formar e sensibilizar os corpos de seguridade, en concreto a Policía Local. Entenden que é importante que comprendan as problemáticas específicas coas que se atopa o colectivo LGTBI, de modo que este sinta apoiado por quen debe protexelos e non intimidado, como ocorre en moitos casos. O medo a non ser tomados ou tomadas en consideración ou á falta de sensibilidade á hora de tratar o asunto polo que acoden a eles, supoñen trabas á hora de conseguir que as vítimas denuncien a súa situación. Consideran que unha policía próxima, sensibilizada e con coñecementos sobre o tema, con protocolos ben formalizados en casos de agresións homófonas e en colaboración con outros axentes, como a fiscalía dedicada aos delitos de odio, é unha policía máis eficiente.

Respecto ao persoal ao servizo das administracións públicas, tamén consideran fundamental formalos na realidade *trans* e a diversidade afectivo-sexual, así como na existencia de novos modelos de familia. Detectaron casos de homofobia e *transfobia* á hora de realizar trámites ante as administracións públicas. Vallan como exemplo procesos nos que a persoa que tramitaba a solicitude insistiu en tratar á persoa solicitante utilizando

116525

a súa identidade documental en lugar da súa identidade sentida. Consideran que non se pode admitir que durante a realización de trámites administrativos a inexperiencia dos ou das traballadoras municipais ou autonómicos ocasionen situacións desagradables para persoas usuarias dos servizos.

Tamén aluden aos servizos de mediación LGTBI, en concreto ao servizo de mediación LGTBI do concello da Coruña, que consideran que non é moi coñecido.

Sobre a aprobación da lei pola igualdade e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, consideran que non tivo unha repercusión real. Entenden que está baseada en recomendacións pero que aínda non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario. Ademais, afirman que ao eliminar o réxime sancionador na tramitación parlamentaria quedouse baleira de contido ao non contemplar consecuencias para o caso de que se produza unha vulneración dos dereitos protexidos na mesma.

5. Asociación Nós Mesmas

Nós Mesmas é unha asociación pola visibilidade das mulleres lesbianas e bisexuais. Leva oito anos traballando desde Vigo polos dereitos das persoas LGTBI, especialmente polos das mulleres lesbianas e bisexuais que, dentro do colectivo, están máis invisibilizadas e sofren unha dobre discriminación, pola súa orientación sexual e pola súa condición de muller. Un dos seus obxectivos é facer ver á cidadanía que as mulleres lesbianas e bisexuais son un colectivo presente e numeroso, unha realidade indiscutible na sociedade.

Prestan atención social, apoio psicolóxico e realizan accións a pé de rúa para visibilizar o colectivo, ademais de servir de punto de encontro onde coñecer xente e atopar apoio.

116526

Respecto das demandas que expoñen en áreas específicas, en materia de sanidade consideran necesaria unha modificación da lei de reprodución asistida para dar cabida ás mulleres soas, lesbianas ou heterosexuais, que queiran ser nais. Consideran que a actual regulación supón unha discriminación para elas e reclaman un posicionamento claro da administración sanitaria galega a favor de incluír a estes grupos de mulleres no acceso aos tratamentos de fertilidade sostidos con fondos públicos.

Seguindo coas súas demandas na área de sanidade, e coincidindo co tamén manifestado por outras entidades, realizan unha denuncia expresa do tratamento que o Plan galego VIH e ITS fai das relacións de homes que teñen sexo con homes (HSH). Consideran que o plan alude de maneira expresa á promiscuidade, ao vincular ao colectivo de homes que teñen sexo con homes, a prácticas como o *cancaneo* ou *cruising* (sexo ao aire libre) ou ao uso xeneralizado de drogas durante as relacións sexuais e a práctica do *fisting* (introdución do puño ou obxectos sexuais polo ano e/ou vaxinal). Entenden que relacionar directamente aos HSH con tres prácticas concretas de risco mostra unha imaxe distorsionada e negativa da realidade de miles de homes gays e bisexuais que viven na comunidade galega.

No ámbito educativo, insisten na necesidade de dar formación ao profesorado e ao alumnado sobre diversidade afectivo-sexual. Afirman que nalgúns casos atopan dificultades nos centros para impartir talleres, alegando estes o posible rexeitamento dos proxenitores e que a accesibilidade aos mesmos varía moito en función do profesor ou profesora en concreto que deba autorizar a impartición do taller.

Sobre o tratamento que nos medios de comunicación se fai das noticias que poidan ter relación coa comunidade LGTBI, sinalan que en moitas ocasións vincúlase a noticia a imaxes estereotipadas e que os motivos de aparecer en prensa adoitan estar asociados a motivos graves. Con todo, tamén subliñan positivamente a evolución que houbo, polo feito de que agora teñen cabida e maior presenza nos medios.

116527

Mostran a súa preocupación polo aumento dos crimes de odio vinculados á orientación sexual ou identidade de xénero, onde as mulleres entre 26 e 40 anos son o grupo máis agredido. Valoran que este aumento pode ser debido ao empoderamento da muller, que fai que denuncie máis, e á aprobación de leis antidiscriminatorias, que poden favorecer que as persoas denuncien. Con todo, non se senten amparadas polas leis. En concreto, respecto da lei galega de igualdade de trato e non discriminación de persoas LGTBI, consideran que ao non contemplar un réxime sancionador no seu articulado nin medidas reais, non resulta efectiva na práctica. "Non sabemos como usala".

No ámbito laboral seguen atopándose casos de discriminación por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero, en moitos casos detectados por sindicatos dos que reciben apoio en certas medidas. En concreto, nesta área, poñen sobre a mesa as dificultades que o colectivo de mulleres transexuais ten á hora de atopar traballo, sendo asociadas en moitos casos á prostitución. Por este motivo reclaman a posta en marcha de medidas de acción positiva que favorezan a contratación de mulleres *trans*.

Así mesmo, reclaman máis apoio desde as administracións locais e que o tratamento que se lle dea aos actos que organicen fuxa dos estereotipos que, ás veces, se asocian a este colectivo. O que perseguen desde a asociación é chegar ao colectivo pero tamén e, sobre todo, á sociedade no seu conxunto, difundir esta realidade e aproveitar o *bum* mediático que determinadas datas vinculadas ao colectivo xeran, para facer chegar á sociedade as súas reivindicacións e visibilizar que a heterosexualidade non é a única orientación válida.

6. ULTREIA LGTBI Santiago

Ultreia é unha organización de recente creación que nace en Santiago como plataforma para loitar polos dereitos das persoas LGTBI e facerse visibles, á vez que poidan servir de interlocutores coas institucións.

116528

Entre as demandas que expoñen, aluden en primeiro lugar á lei galega de igualdade de trato e non discriminación de persoas LGTBI. Consideran que é unha lei moi ambigua e que resulta “coxa” por non contemplar un réxime sancionador para o caso de que haxa incumprimentos. Así consideran que hai unha lei que regula pero que non castiga, polo que non resulta eficiente ao non poñer de manifesto as consecuencias exactas das posibles vulneracións.

Consecuencia disto, afirman, é que moitas persoas non se deciden a denunciar porque saben que non vai haber repercusións ao agresor ou discriminador por motivos vinculados á orientación sexual ou identidade de xénero. Por este motivo instan a que se aprobe un protocolo de actuación en casos de homofobia á comunidade LGTBI.

Os representantes da entidade denuncian, noutra orde de cousas, que aínda algúns profesionais da psicoloxía sigan ofrecendo métodos para “curar a homosexualidade”. Aínda que recoñecen que son os menos e que este tipo de terapias non está ben visto polo resto de profesionais, considerarían conveniente prohibilas expresamente, como ocorre noutros países. Do mesmo xeito, entenden que sería positivo que se dese formación específica a estes profesionais sanitarios dentro das facultades, que a realidade LGTBI estea incluída nos plans de estudo ou mesmo que existise unha especialidade propia.

Insisten na importancia de que as campañas de prevención de enfermidades de transmisión sexual, como a SIDA, se aborden sen un enfoque que, entenden, culpabiliza a determinados colectivos. No contaxio o determinante é a práctica, non a orientación sexual, polo que consideran que é aí onde debería poñerse o foco. Así, citan por exemplo o Plan galego Anti Sida que critican, precisamente, porque entenden que culpabiliza ao colectivo gay.

Respecto ao acceso ás técnicas de reprodución asistida rexeitan a posibilidade de que se exclúa as mulleres lesbianas do acceso á prestación pública. Isto implicaría necesariamente

acudir a clínicas privadas, polo que debido ao alto custo dos tratamentos se limita a posibilidade de ser nais por motivos económicos.

No referente ao colectivo de persoas transexuais, consideran importante formar aos profesionais do campo da psicoloxía, xa que valoran que non están preparados para atender a estas persoas. Reclaman a posibilidade de poder operarse en Galicia, sen ter que ser derivado a outra comunidade autónoma e, unha vez máis, resaltan a necesidade de educar na diversidade. A sociedade é descoñecedora desta realidade e non comprenden, por exemplo, que unha muller transexual poida ser lesbiana, ao descoñecer a diferenza entre orientación sexual e identidade de xénero.

Como xa fixeron outras organizacións, apuntan que no mundo rural as dificultades para vivir libremente a sexualidade son maiores. Nesas contornas non hai tanta información, hai unha *invisibilización* moi forte e unha homofobia arraigada, polo que consideran necesario realizar campañas de sensibilización nesas contornas. Neste sentido solicitan dispoñer de maiores facilidades para que os concellos permitan ás asociacións despregar nas súas demarcacións as súas campañas para contribuír a visibilizar e normalizar.

As persoas maiores LGTBI tamén poden atoparse con dificultades que crían superadas ao chegar á última etapa da súa vida. Así, poñen de manifesto casos de persoas que, por medo ao rexeitamento do persoal ou do resto de residentes, volven a *armarizarse* no momento de ingresar nunha residencia de maiores; ou casos de parellas homosexuais que deciden non entrar como tal na residencia e fano como “amigas”.

Insisten na importancia da formación e a educación sobre diversidade sexual en todos os niveis: centros escolares, universidades… Consideran que as charlas sobre sexualidade que se ofrecen nos colexios só contemplan a sexualidade heterosexual, non sendo a única existente, e que nos libros de texto tampouco se aborda a diversidade sexual cando esta é unha materia que debería de incardinarse con carácter transversal nos contidos

para impartir en todos os centros de ensino, públicos, privados e concertados. Non debe ensinarse como algo excepcional porque non o é, matizan.

Desde esta entidade propoñen a creación dunha secretaría específica dentro da administración autonómica sobre cuestións LGTBI. Cren que o feminismo e as reivindicacións LGTBI foron da man moito tempo, "débenlle moito" e, con todo, consideran que agora é necesario crear unha área de traballo específica sobre orientación sexual e identidade de xénero, xa que para que as medidas sexan efectivas ten que existir previamente unha especialización. Botan en falta, no momento actual, que cando se dirixen á administración esta carece dun interlocutor válido.

Do mesmo xeito, resaltan a importancia de solicitar datos. Poñen de manifesto a falta de estudos sobre a realidade LGTBI e consideran que as asociacións serían unha boa canle para apoiar ás institucións na realización de estudos, por exemplo, a través da distribución de enquisas ou cuestionarios.

Respecto da maternidade subrogada, poñen de manifesto os problemas legais que atopan as parellas que recorren a esta técnica polo baleiro legal existente agora mesmo en España, que pode orixinar que eses nenos e nenas se atopen nun limbo legal.

Con respecto ao anterior, consideran importante a formación e a reciclaxe das persoas que traballan nos rexistros acerca dos novos modelos de familia existentes na nosa sociedade.

Fan unha mención tamén ao que denominan casos de violencia de xénero nas parellas homosexuais. En Galicia non hai datos, non hai estudos nin enquisas acerca da violencia intra-xénero. Consideran que nas parellas LGTBI se dan os mesmos problemas pero non teñen os recursos que se ofrecen ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Cren tamén que hai que prestar especial atención aos casos de discriminacións múltiples, por exemplo as persoas discapacitadas LGTBI ou as lesbianas que, como diciamos, son discriminadas pola súa condición de muller e a súa orientación sexual.

7. ALEAS-EU

No desenvolvemento do presente informe tamén contamos coa colaboración de ALEAS-EU (Área de Liberdade de Expresión Afectivo Sexual-Esquerda Unida). Na mesma liña que outras entidades, esta organización considera que a *invisibilización* é o "maior mal" do colectivo. Defenden que é necesario realizar campañas e normalizar a diversidade sexual, para garantir unha convivencia no respecto.

Insisten en que seguen dándose casos de LGTBI-fobia, tanto nas cidades como na contorna rural, aínda que nesta última, os casos son máis numerosos, facendo que moitas persoas eviten "saír do armario" por medo ao rexeitamento ao ser poboacións máis conservadoras. Nos casos dos menores, as consecuencias dese rexeitamento social ou familiar son maiores, xa que están nunha fase de desenvolvemento da súa personalidade no que estas condutas poden xerar uns traumas ou consecuencias para toda a vida. Sentir na infancia unha orientación sexual ou identidade de xénero distinta á considerada na túa contorna como "normal" pode provocar moitas contradicións no neno ou nena, porque o que se espera del non é o que realmente sente. É necesario, por tanto, e segundo o seu criterio, formar ás familias e á sociedade en xeral na existencia e normalización da diversidade, así como o *bullying* que segue dándose nas escolas, centros de formación profesional e universidades.

Consideran que seguen dándose moitas situacións de discriminación por razón da orientación sexual ou a identidade de xénero, en ámbitos moi diversos como poden ser o laboral, educativo, sanitario, policial, etc. Por iso, tamén aquí recalcan a necesidade de

116532

formar especificamente os e as profesionais que traballan nestas áreas. Ademais, inciden especialmente na discriminación que padecen as mulleres lesbianas, pola súa condición de muller e a súa orientación sexual, do mesmo xeito que as persoas bisexuais en xeral, ás veces mesmo discriminadas dentro do propio colectivo, as persoas migrantes e a comunidade xitana LGBTI.

Con respecto aos procedementos de adopción, consideran que hai certa "opacidade" sobre todo no caso de que haxa rexeitamento. "O problema é sempre o mesmo, pero con distintas manifestacións", apuntan.

No contexto social insisten na necesidade de realizar actuacións dirixidas á sensibilización, tanto das institucións como a pé de rúa. Para iso propoñen a realización de campañas específicas, e especialmente as que se refiran aos colectivos menos visibles dentro da comunidade LGTBI, isto é, lesbianas e transexuais ou aqueles que poden ser vítimas de discriminacións múltiples.

Fan unha mención específica ao tema do acceso das mulleres aos tratamentos públicos de reprodución asistida, desde a consideración de que a normativa actual impón unha sexualidade determinada, discriminando ás mulleres homosexuais e bisexuais, vulnerando o seu dereito á maternidade.

Respecto das agresións que teñen a súa orixe en causas baseadas na orientación ou identidade sexual, afirman que moitas persoas non denuncian. Outras cuestións que expoñen son as relativas á necesidade de realizar estudos sobre a realidade LGTBI, a necesidade de facer unha abordaxe específica da situación das persoas maiores LGTBI, a importancia de impulsar o asociacionismo e a preocupación respecto da desaparición de varios comités anti sida en Galicia debido aos recortes existentes, sobre todo tendo en conta o repunte de contaxios que se está observando.

116533

Por último, no que se refire á lei galega, critican as modificacións ao texto que se fixeron durante a tramitación parlamentaria, que, consideran, a deixaron baleira de contido, sobre todo polo feito de que non se contempla un réxime de sancións para dar resposta ás posibles vulneracións que se produzan. Ademais, sosteñen que ten moitas carencias á hora de regular a transexualidade e que non a *despatoloxiza*. Neste sentido, reclaman a aprobación dunha lei estatal que recolla a demanda dos colectivos transexuais.

8. 7 CORES

Reunímonos tamén co grupo LGTBI 7 Cores, vinculado ao Partido Socialista de Galicia.

Respecto da lei galega, consideran que supuxo un importante paso para a visibilización e normalización das persoas LGTBI, xa que contén importantes ferramentas de impulso das administracións públicas, medios de comunicación e sociedade en xeral. Con todo, reclaman a posta en marcha de todas esas previsións para evitar xerar frustración. Neste camiño defenden que se conte co diálogo e a participación das persoas e organizacións LGTBI con presenza en Galicia.

Subliñan que, a pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei, que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, moitas persoas seguen sufrindo a diario problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI, e que lles afectan tanto nas súas relacións coas administracións públicas, como no ámbito educativo, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

Na súa organización reciben denuncias diversas sobre discriminación nos procesos de adopción e acollemento, sobre o non recoñecemento dos dereitos sanitarios e casos de acoso escolar. Denuncian tamén a realización, desde a propia administración, de

campañas de divulgación e publicidade institucional absolutamente estereotipadas nas chamadas “familias tradicionais”.

En relación ás discriminacións que sofren nenos e nenas por razón da súa identidade de xénero, consideran necesario ofrecerlles un tratamento terapéutico adecuado. Ao mesmo tempo preocúpalles a falta de desenvolvemento da lei na formación, información e posta en marcha de protocolos e pautas de comportamentos na comunidade educativa e no ámbito sanitario nesta materia.

As súas demandas, poderíanse resumir do seguinte modo:

Para lograr o desenvolvemento regulamentario da lei galega, consideran necesario iniciar un proceso de diálogo coas organizacións LGTBI galegas, concellos e outras administracións públicas.

No ámbito educativo, reclaman incluír a realidade LGTBI nos contidos transversais da formación de todo o alumnado en Galicia, incorporándoo nos plans de estudo. Tamén é importante ofrecer formación ao persoal docente. Ademais, consideran urxente aprobar, de acordo coas organizacións LGTBI, familias e a comunidade educativa, protocolos de actuación para divulgar no ámbito familiar e entre as asociacións de nais e pais as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos de familia, a efectos de garantir o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

No aspecto sanitario tamén consideran urxente a aprobación dun protocolo para garantir no ámbito público a atención terapéutica e sanitaria das prácticas e terapias relacionadas coa transexualidade e a intersexualidade. Engaden a importancia de garantir a formación continua e obrigatoria de todo o persoal sanitario en materia de diversidade afectivo sexual, tanto no ámbito público como no privado ou concertado e que, tamén nesta

contorna, se promovan campañas e cursos de formación sobre os aspectos e necesidades específicas das persoas LGTBI.

Sen cambiar de área, consideran importante realizar campañas de información e prevención do contaxio do VIH. Neste punto consideran que segue habendo un estigma social. Desde o punto de vista médico avanzouse moito no tratamento da enfermidade, pero socialmente segue sendo unha enfermidade que se asocia á marxinalidade. Evitar contaxios a través de campañas de información prevén gasto sanitario futuro.

Denuncian que aínda hoxe segue habendo moitos delitos vinculados á homofobia.

No contexto local, consideran que tamén as administracións municipais teñen que asumir un compromiso na parte que lles corresponde no desenvolvemento desta lei. Para iso, propoñen o impulso dos servizos de mediación municipais aos que fai referencia a lei, co obxectivo de que se encargue de desenvolver todas as actividades e programas dirixidos á normalización, *visibilización* e integración plena das persoas LGTBI nas cidades, en colaboración coas asociacións LGTBI locais.

Resaltan a importancia de realizar actividades de formación en colaboración con centros educativos, dirixidas a adolescentes para previr condutas LGTBI-fóbicas, como o *bullying*, e tamén a educadores e educadoras, traballadores e traballadoras sociais e policía local.

Ademais, resaltan a importancia de poñer en marcha programas para as persoas maiores LGTBI e respecto das persoas transexuais, subliñan a necesidade de facilitarlles a tramitación do cambio de sexo nos documentos oficiais e propoñen incluír unha terceira opción na categoría de sexo nos trámites municipais de forma que se recoñezan realidades non binarias.

116536

Insisten na necesidade de realizar actos de conmemoración da realidade LGTBI que visibilicen ao colectivo, resaltando a importancia de manter a comunicación e colaboración permanentes cos colectivos de ámbito municipal.

9. Servicios de mediación LGTBI nos concellos

Desde o Valedor do Pobo tamén solicitamos información aos concellos das principais cidades galegas por número de poboación, acerca da existencia ou non nos seus municipios dun servizo específico de información, mediación e apoio LGTBI ao que fai referencia a lei galega, e acerca da realización de programas ou actividades dirixidas a visibilizar e normalizar a realidade LGTBI. O contacto realizouse por correo electrónico e da información solicitada despréndese que só algúns dos concellos consultados realizan actividades ou teñen programas neste sentido, de carácter puntual, e que tan só o Concello da Coruña ten un servizo específico de mediación LGTBI.

116537

V. UNHA VISIÓN POR ÁREAS

Como xa sinalamos, son moitas as demandas formuladas polas asociacións e organizacións no curso das entrevistas realizadas como traballo de campo para documentar o presente traballo. Refírense, ademais, a ámbitos moi diversos. Coa intención de poñer o foco nos problemas aos que se enfronta a comunidade LGTBI no seu día a día, a continuación faremos unha breve análise da situación que, respecto dalgunhas das cuestións expostas polas asociacións, existe actualmente en Galicia.

Moitas das cuestións abordadas, dada a súa complexidade, requiririan un estudo moito máis exhaustivo do que detallaremos. Como fomos deixando claro ao longo destas páxinas, a nosa intención neste primeiro traballo radica en perfilar esta realidade, non abordar unha análise xurídica ou sociolóxica minuciosa, que non se descarta realizar nun futuro. O obxectivo, subliñamos unha vez máis, consiste en chamar a atención, constatar á fin e ao cabo, que hai determinados sectores nos que a comunidade LGTBI galega sente que non se lles dá un tratamento en condicións de igualdade respecto doutra parte da poboación, a heterosexual.

116538

1. Dificultades no entorno educativo.

"O impulso natural, o impulso auténtico, é ser ti mesmo.
Se o disfrazamos é por temor a que non nos acepten"[19]

A. Formación do profesorado, do alumnado e das familias.

O camiño para lograr un cambio cara á igualdade e a diversidade é a educación. Para conseguir unha sociedade galega respectuosa e inclusiva con todas as persoas, o traballo no ámbito educativo faise imprescindible. Desde as aulas podemos ensinar aos nenos e nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos, traballando deste xeito desde a raíz para construír unha sociedade onde todas as persoas poidan vivir en plena igualdade e liberdade dunha maneira real. As aulas son tan diversas como o é a sociedade pero, en ocasións, esa diversidade afectivo-sexual aínda non se visibiliza ni se respecta, senón que se rexeita por contravir "o correcto" e "o normal". De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

A propia Constitución establece no seu artigo 27.2 que "a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais".

En desenvolvemento deste mandato constitucional, distintas leis en materia de educación conteñen previsións onde se establece que o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual debe ser un dos fins cara os que ten que camiñar o sistema educativo. Así, a Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle no seu preámbulo, que "entre os fins da educación resaltan o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades

19 AZQUETA CHOCARRO, I. *Educar en la diversidad afectivo-sexual desde la familia. Manual para alumno y alumna*. Confederación Española de Asociación de Padres y Madres de Alumnos (CEAPA). Madrid, 2014.

116539

afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais (…), o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades".

Nesta mesma liña, a Lei Orgánica 8/2013 de mellora da calidade educativa (LOMCE) proclama, tamén no seu preámbulo que "só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolver ao máximo as súas potencialidades".

Por iso parece máis necesario, se cabe, aquí, traballar para difundir e educar na diversidade á sociedade no seu conxunto, desde a administración autonómica pero sobre todo desde as locais, para informar, para visibilizar e para normalizar as distintas realidades afectivas, sexuais e de identidade que hai na sociedade.

116564

VI. CONSIDERACIÓNS FINAIS

“Todo o mundo debería sentirse libre para ser un mesmo no fogar, o traballo, na escola e en público, pero está claro que as persoas lesbianas, gays, bisexuais e transexuais, a miúdo, non senten así”. Desta maneira se pronunciaba Morten Kjaerum, director da Axencia Europea polos Dereitos Fundamentais (*European Union Agency for Fundamental Rights FRA*), na presentación dos resultados da enquisa realizada pola FRA en maio de 2013. Dos resultados da devandita enquisa, realizada a máis de 93.000 persoas lesbianas, gays, bisexuais e transexuais de toda a Unión Europea, extráese que aínda hoxe, en Europa, hai persoas que non poden ser elas mesmas na súa vida diaria por cuestións vinculadas á súa orientación sexual ou identidade de xénero. Moitas ocultan a súa identidade e viven illadas. Dos resultados deste recente estudo evidénciase a necesidade de promover e protexer os dereitos fundamentais das persoas LGTBI, de maneira que estas poidan levar unha vida digna.

Aínda que é certo que estes datos deben ser contextualizados na realidade da sociedade galega, unha sociedade aberta polo seu devir histórico, non deixa de resultar relevante que aínda hoxe en día unha persoa non se sinta libre para poder expresar libremente e en calquera contexto, sempre que así o desexe, a súa orientación sexual ou identidade de xénero.

Os estudos amosan que, aínda hoxe, temos que seguir traballando para derrubar barreiras e acabar coa discriminación e os prexuízos sociais, para xerar unha sociedade na que todas as persoas poidan gozar plenamente dos seus dereitos en situación de igualdade real.

En España, e máis en concreto en Galicia, avanzouse moito nos últimos tempos en materia de recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays,

116566

transexuais e bisexuais. Destaca a Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas i de orde social, que modifica á súa vez multitude de normas para adecuar a lexislación nacional ás Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE, na procura da aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación, facendo expresa mención a que teñen a súa orixe na orientación sexual. Tamén a aprobación da Lei 13/2005 pola que se modifica o Código Civil, abrindo a posibilidade a parellas do mesmo sexo para contraer matrimonio, así como a Lei 3/2007 sobre a rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas e, en Galicia, a Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia, que supón a equiparación das parellas de feito aos matrimonios para os efectos de aplicación desa lei.

A recente Lei 2/2014, de igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia supuxo un fito de especial relevancia xa que se trata dunha lei global, aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego e que puxo a Galicia en liña coas sociedades máis avanzadas da nosa contorna.

Con todo, a pesar de todos os avances que se produciron desde o punto de vista legal, os datos, pero sobre todo as experiencias contadas en primeira persoa por representantes de asociacións e organizacións que traballan polos dereitos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, fannos reflexionar acerca de se, efectivamente, ben entrado xa o século XXI, podemos dicir que se alcanzou unha situación de igualdade real e efectiva da comunidade LGTBI.

Así, a pesar de existir unha prolixa normativa antidiscriminatoria, a cidadanía que se autodefine como LGTBI non fai uso das ferramentas legais, administrativas ou penais, de que dispón para facer valer os seus dereitos. Segue habendo casos de LGTBI fobia, en todas as súas manifestacións e distintos alcances, pero a maioría non se denuncian. Desde os poderes públicos e institucións temos que preguntarnos que está a pasar, que hai detrás desa falta de denuncias, descoñecemento?, medo?, desconfianza no sistema?

116567

Ante esta realidade, o Valedor do Pobo non pode mirar cara a outro lado. Así, máis aló da función de supervisión do funcionamento da administración que historicamente viña atribuíndo aos *ombudsman*, o Valedor do Pobo, como alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos fundamentais, ten un rol determinante na protección dos dereitos humanos.

Os conceptos de democracia e de dereitos humanos volvéronse indisociables ata o punto que un sen o outro carece de sentido. Unha democracia será verdadeiramente tal se nela se prevén, aplican e defenden os dereitos que as persoas teñen polo feito de ser persoas e, neste sentido, corresponde ao Valedor supervisar que os poderes públicos asumen o seu deber de atender as realidades que presentan índices máis significativos de vulnerabilidade ou de precariedade no exercicio dos seus dereitos fundamentais á dignidade, igualdade, liberdade, e libre desenvolvemento da súa personalidade.

Ao longo deste informe púxose de manifesto a necesidade de seguir traballando no desenvolvemento de actuacións específicas en distintos ámbitos, educación, sanitario, laboral, etc. Avanzouse moito pero aínda queda moito por facer. Neste punto non podemos deixar de facer nosas as recomendacións da Axencia Europea para os Dereitos Fundamentais, dirixidas ás administracións públicas de todos os estados da Unión Europea que enmarcan con acerto a natureza dun problema que ten un marcado compoñente social e a forma na que as administracións públicas deben enfrontarse a el. Son recomendacións xerais que, en si mesmas, constitúen a base de todo plan de actuación para erradicar da nosa sociedade a discriminación, o acoso e a violencia por razón da orientación sexual e a identidade de xénero das persoas.

Así, para dar unha resposta sistemática e coordinada á discriminación, as administracións deben desenvolver plans de acción para promover actitudes de respecto cara ás persoas LGTBI e que fomenten a protección dos seus dereitos fundamentais. Neste sentido débense promover accións para combater determinados estereotipos que teñen a súa

116568

orixe na orientación sexual e a identidade de xénero así como na homofobia. Moitas destas accións deben ir dirixidas á formación da opinión pública.

Como en todo problema de base social, a educación xoga un papel determinante na súa erradicación. Por iso, a Axencia Europea pide ás administracións que garantan que os colexios proporcionen unha contorna segura e adecuada ás persoas LGTBI, sen que se produzan situacións de acoso nin exclusión, e nos que se combate a estigmatización e marxinalización das persoas LGTBI. Ademais, a información sobre a orientación sexual e a identidade de xénero debe formar parte do currículo escolar para fomentar o respecto e a comprensión e para poñer de manifesto os problemas que sofren as persoas LGTBI.

Os sistemas públicos de saúde deben ter en conta as necesidades das persoas LGTBI, co que iso supón en materia de formación de persoal e políticas de saúde específicas para este sector da sociedade. No ámbito laboral débese promover que as empresas adopten medidas para garantir a igualdade de trato, por exemplo, mediante a adopción de códigos de conduta e de boas prácticas que inclúan medidas positivas para responder as necesidades das persoas LGTBI.

Finalmente, débense crear os mecanismos adecuados para que as persoas LGTBI poidan denunciar de forma sinxela e eficaz aquelas situacións de discriminación ou de violencia por razón da súa identidade sexual das que teñan constancia.

En definitiva, temos que utilizar todos os instrumentos e mecanismos á nosa disposición co obxectivo de xerar as condicións adecuadas para que todas as persoas, sexa cal for a súa orientación sexual ou identidade de xénero, vexan protexidas a súa dignidade, os seus dereitos fundamentais á integridade, física e moral, á liberdade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade e, como resultado final, a efectiva igualdade de trato ante a lei pero, tamén, ante a sociedade.

116569

Con este enfoque asume o Valedor do Pobo o desenvolvemento do seu traballo na área da defensa dos dereitos das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia, que atopa o seu fundamento no tantas veces citado artigo 14 da Constitución, que consagra o principio de igualdade de todas as persoas e a prohibición de discriminación, e que se viu reforzado coas facultades que lle outorga a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que o consagra como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e a non discriminación do colectivo LGTBI en Galicia. Nesa función de promotor da igualdade que debe asumir, a defensoría galega está ao servizo da igualdade formal, pero debe tamén traballar na procura da igualdade material, de forma que o *ombudsman* galego se converte en órgano de garantía de que cidadáns e cidadás reciben igual trato, sexa cal for a súa condición, na aplicación das normas.

Ao tratarse dun problema cuxas raíces están profundamente arraigadas en determinados estamentos da sociedade, non basta coa aprobación de normas para solucionalo. A creación dun adecuado marco normativo resulta imprescindible para que a Administración poida poñer coto a moitos dos abusos e das condutas discriminatorias que se producen neste ámbito, pero non é suficiente porque os problemas que teñen unha base social só se poden erradicar desde a propia sociedade, e esta é a liña nas que temos que avanzar.

Con ese obxectivo, o Valedor do Pobo xa incorporou á súa axenda compromisos e labores específicos en relación coa salvagarda dos dereitos das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia. Xa no informe ordinario de actividade correspondente ao ano 2014, do que se partiu na elaboración deste traballo, facíase alusión á necesidade de traballar para a consecución da igualdade real das persoas con orientación sexual ou identidade de xénero distinta da maioritaria. Ademais, conscientes da necesaria especialización nesta, como en todas as áreas, creouse unha área específica de traballo que atendese as demandas do colectivo, e é nesa mesma liña desde a que se aborda a elaboración do presente informe extraordinario.

A intención deste primeiro paso é, como diciamos ao principio deste informe, contribuír dalgunha maneira para visibilizar a diversidade de orientacións sexuais e identidades de xénero que forman parte da sociedade, e espertar a atención das administracións e da sociedade no seu conxunto acerca da importancia de continuar traballando no camiño de garantir que todas as persoas poidan gozar con plenitude do seu dereito á igualdade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade.

116571

ANEXO I.
LISTA DE ENTIDADES E ASOCIACIÓNS LGTBI ENTREVISTADAS

ALAS A Coruña

alasacoruna@gmail.com

https://eses.facebook.com/alasacoruna

ALEAS-EU

aleas@esquerdaunida.org

https://www.facebook.com/AleasEsquerdaUnidaGZ

Centros Quérote+

http://xuventude.xunta.es/querotemais.html

https://www.facebook.com/querotemais

Chrysallis Galicia

contacto@chrysallis.org.es

http://chrysallis.org.es/

116572

FEGLBT

http://www.felgtb.org/

It get´s better

http://www.itgetsbetter.es/

contacto@itgetsbetter.es

Nós mesmas

info@nosmesmas.com

http://www.nosmesmas.com/

Ultreia LGTBI

ultreialgtbi@gmail.com

https://www.facebook.com/ultreialgbticompostela

7 Cores

lgtbi@socialistasdegalicia.com

116573

ANEXO II. DATAS SINALADAS

26 de abril - Día da visibilidade lésbica

Desde o ano 2008 o colectivo de lesbianas reivindica neste día facer visible a súa realidade, romper cos prexuízos, o descoñecemento e a invisibilidade que sofre tanto nas rúas como nas institucións e que lle impide alcanzar unha igualdade real.

17 de maio-Día internacional contra a homofobia, a transfobia e a bifobia

Esta data foi designada para esta celebración, debido a que coincide coa eliminación da homosexualidade das listas de enfermidades mentais en 1990 por parte da Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde. O seu obxectivo principal consiste en coordinar todo tipo de accións que sirva para denunciar a discriminación de que son obxecto as persoas homosexuais, bisexuais e transexuais.

28 de xuño - Día do orgullo LGTBI

Nesta data conmemórase en todo o mundo a revolta de Stonewall Inn, un popular bar gay na zona de Greenwich Village, NY. Este acontecemento supuxo o nacemento do movemento de liberación gay, lésbico, transexual e bisexual.

1 de decembro - Día contra a sida

Esta data foi proposta no ano 1988 pola Organización Mundial da Saúde e contou co apoio da Asemblea Mundial da Saúde e A Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Desde este ano a iniciativa foi acollida por gobernos e organización internacional de todo o mundo.

116574

ANEXO III
LEI 2/2014, DO 14 D ABRIL, POLA IGUALDADE DE TRATO E A NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS EN GALICIA (DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 79, DE 25 DE ABRIL DE 2014)

Exposición de motivos

A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional estableceu que, aínda que o artigo 14 non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula «calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social», á que debe ser referida a interdición da discriminación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e as liberdades proclamados nesta declaración, sen ningunha distinción de raza,

cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito respecto das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE estableceron principios internacionais respecto da homosexualidade, vinculantes para os seus Estados membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas ditaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e á non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: «Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou convicciónns, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual».

A Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gays, insta todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todas as disposicións xurídicas e administrativas. Neste sentido, tamén se pronunciou a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, que pide aos Estados Membros que tomen calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de

116577

orientación sexual. Existe, como se acaba de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental, e particularmente a igualdade independentemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa resolución, o Consello facíalle ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos, co fin de documentar as leis discriminatorias e os actos de violencia por razón de orientación sexual e identidade de xénero en todo o mundo e de propoñer as medidas que se deben adoptar.

Dese informe resultou que os gobernos e os órganos intergobernamentais descoidaran a miúdo a violencia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, e concluíron que o Consello debía promover «o respecto universal pola protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas, sen distinción de ningún tipo, e dunha maneira xusta e equitativa» e establecer unha serie de recomendacións aos Estados Membros, entre outras, que «promulguen lexislación ampla de loita contra a discriminación que inclúa a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero entre os motivos prohibidos e recoñeza as formas de discriminación concomitantes e que velen por que a loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero se inclúa nos mandatos das institucións nacionais de dereitos humanos».

Nos últimos anos producíronse avances importantes no que atinxe á protección e ao recoñecemento dos dereitos das persoas LGTB, de maneira que son moitos os países que recoñecen o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo ou que están considerando medidas semellantes nas súas cámaras lexislativas.

España incorporou á súa normativa directivas europeas e ratificou tratados e protocolos internacionais que prohiben toda discriminación por causa da orientación sexual. Na lexislación nacional cabe destacar a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que adecúa a lexislación nacional á Directiva 2000/43/CE e á Directiva 2000/78/CE, e procede a súa transposición ao noso dereito. Esta lei busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación e fai mención expresa á realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nesa lei estableceuse un marco legal xeral para combater a discriminación en todos os ámbitos, abordouse a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernizouse a regulación da igualdade de trato e da non discriminación no traballo; así, a Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, ou a Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independentemente do estado civil ou da orientación sexual; por citar algunha, a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

Nos informes da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea elaborados nos anos 2008 e 2009 destácanse os importantes avances dos últimos anos, e outro informe máis recente revela que o 88 % dos españois considera que a homosexualidade debe ser aceptada pola sociedade, de maneira que as distintas formas de orientación sexual contan cun alto grao de aceptación, mesmo por encima de moitos países do noso contorno. Con todo, e aínda que este nivel de aceptación se incrementou de forma apreciable nos últimos anos, aínda atopamos actitudes discriminatorias que nos obrigan a seguir traballando na procura dunha sociedade cada vez máis igualitaria.

116579

A sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Esta lei persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual; trátase de eliminar calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no eido do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

Esta lei estrutúrase en dous títulos, nove capítulos, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras.

O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI e na promoción da súa visibilidade.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio, da xuventude e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTBI.

Finalmente, a disposición adicional contén a remisión de información ao Parlamento de Galicia. A disposición derradeira primeira faculta a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta lei. A disposición derradeira segunda faculta o Valedor do Pobo para se constituír na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos establecidos nesta lei. E a disposición derradeira terceira establece o prazo para a súa entrada en vigor.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

TÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto da lei

1. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.

2. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, e dentro do ámbito de aplicación contido no artigo 2.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O ámbito subxectivo de aplicación desta lei engloba todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto no sector público coma no privado, e inclúe entidades e organismos públicos autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, e en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico.

2. O ámbito obxectivo, dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, comprenderá todos os ámbitos da vida política, social, económica, cultural e familiar, particularmente nas seguintes áreas:
a) Policial e da xustiza
b) Laboral
c) Familiar
d) Da saúde
e) Da educación
f) Da cultura e do ocio

g) Do deporte
h) Da xuventude
i) Da comunicación.

Artigo 3. Concepto de discriminación

1. Para os efectos desta lei, entenderase por principio de igualdade de trato a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

2. Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose ou puider ser tratada de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

3. Existirá discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

4. Existirá discriminación múltiple cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación. A discriminación múltiple, pola súa propia natureza, será obxecto de especial atención, e, en particular, aquela en que concorre a causa de sexo conxuntamente coa de orientación sexual e/ou identidade de xénero, de conformidade coa lexislación internacional, europea, estatal e autonómica para o efecto.

5. Existirá acoso discriminatorio cando se produza unha conduta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear un espazo intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador.

Artigo 4. Protección contra represalias

1. Entenderase por represalia o trato adverso ou a consecuencia negativa que poida sufrir unha persoa por intervir, participar ou colaborar nun procedemento administrativo ou proceso xudicial destinado a impedir, corrixir ou facer cesar unha situación discriminatoria, ou por presentar unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo co mesmo obxecto.

2. Para tal efecto, corresponde aos poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia adoptar as medidas necesarias para a protección das persoas que se encontren na situación descrita no punto 1.

Artigo 5. Medidas de acción positiva

Para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou que se adopten medidas específicas a favor de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación deste título.

Artigo 6. Divulgación da información

Corresponde á Xunta de Galicia velar por que as disposicións adoptadas en virtude desta lei sexan postas en coñecemento das persoas ás que sexa aplicable, así como de asociacións,

organizacións e colectivos LGTBI, por todos os medios adecuados, e en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto con outras disposicións vixentes na materia.

Artigo 7. Asociacións, organizacións e colectivos LGTBI

1. Entenderanse por asociacións, organizacións e colectivos LGTBI aqueles legalmente constituídos que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa e promoción da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero e que desenvolvan a súa actividade en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

3. As institucións galegas garantirán o acceso das asociacións, organizacións e colectivos LGTBI ás convocatorias de subvencións e axudas coincidentes cos seus fins.

4. Como fomento da participación e do asociacionismo, as administracións públicas galegas desenvolverán campañas de divulgación das accións e de impulso do asociacionismo LGTBI co obxecto de fomentar a participación directa e indirecta por parte de toda a sociedade nos programas de actuación que desenvolvan aquelas, para o que se establecerán medidas específicas co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

Artigo 8. Servizo de apoio e mediación LGTBI

Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

TÍTULO II Políticas públicas para o fomento e a promoción da igualdade, da visibilidade e da non discriminación do colectivo LGTBI

CAPÍTULO I Medidas no ámbito policial e no da xustiza

Artigo 9. Acceso e promoción nos corpos e forzas de seguridade

No acceso e promoción aos corpos e forzas de seguridade teranse en conta as previsións contidas tanto no artigo 32 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, coma no artigo 27 da Lei 8/2007, do 13 de xuño, da Policía de Galicia, ou naqueloutra normativa de referencia en que se inclúa o respecto ao dereito constitucional á igualdade.

Artigo 10. Formación dos corpos e forzas de seguridade

1. Os plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública incluirán accións formativas nas que especificamente se recolla o tratamento do dereito á igualdade e á non discriminación das persoas LGTBI.

2. Nestas actividades poderán participar todos os colectivos relacionados coa seguridade pública ou coas emerxencias aos que se dirixa a acción da Agasp.

Artigo 11. Medidas de asistencia

A Xunta de Galicia establecerá medidas de apoio, conforme a lexislación vixente, ás vítimas de violencia homofóbica, bifóbica ou transfóbica, para os efectos de corrixir a situación de discriminación e de minimizar ou eliminar as consecuencias na persoa discriminada, a través de asistencia social, psicolóxica e/ou médica e xurídica.

CAPÍTULO II Medidas no ámbito laboral

Artigo 12. Medidas de promoción de igualdade de trato e non discriminación por parte da Administración autonómica galega

1. O órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como programas de loita contra a discriminación, particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresarios e empresarias, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do servizo público de emprego e de calquera centro de traballo.

2. A consellaría competente en materia de traballo promoverá a incorporación, nos seus plans de formación en materia de igualdade, de oportunidades, independentemente da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.

3. A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTBI e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas.

4. A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de información e avaliación periódicos para previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación no ámbito do emprego.

5. Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocación autorizadas no ámbito da Comunidade Autónoma deberán velar especificamente polo respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego, conforme a lexislación estatal competente nesta materia.

6. A inspección de traballo, nos termos previstos na normativa aplicable, deberá garantir o respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

7. No marco do diálogo social, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, a consellaría competente en materia laboral promoverá a elaboración dun protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

8. Nas bases reguladoras das subvencións públicas e nos pregos das contratacións poderase impoñer como condición especial de execución o respecto do protocolo establecido no punto anterior, de tal modo que o seu incumprimento poderá levar consigo o reintegro da subvención ou a resolución do contrato, de acordo co establecido nas citadas bases reguladoras e mais nos pregos.

Artigo 13. Organizacións sindicais e empresariais. Negociación colectiva

A Xunta de Galicia instará as organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social a que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, en colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI, a:

1. Impulsar medidas inclusivas para persoas LGTBI nos convenios colectivos de todos os sectores laborais.

2. Informar sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3. Promover os dereitos e a visibilidade das persoas LGTBI nos lugares de traballo.

4. Tratar de xeito específico a discriminación múltiple, na que a causa de orientación sexual e identidade de xénero se combine coa de sexo ou enfermidade, discapacidade física ou intelectual ou pertenza a calquera etnia ou relixión, así como a discriminación de persoas transexuais e transxénero, e incentivar a súa contratación.

5. A representación legal das persoas traballadoras velará pola promoción do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa por razón das causas previstas nesta lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva, e pola consecución dos seus obxectivos.

Artigo 14. Dereito á igualdade de trato e non discriminación no traballo por conta propia

1. Non poderán establecerse limitacións, segregacións ou exclusións polas causas previstas nesta lei no acceso ao exercicio e ao desenvolvemento dunha actividade por conta propia.

2. O disposto no punto anterior será igualmente de aplicación, conforme se recolle na normativa estatal competente, aos pactos establecidos individualmente entre o traballador autónomo e o cliente para o que desenvolve a súa actividade profesional, así como aos acordos de interese profesional concertados entre as asociacións ou sindicatos que representan os traballadores autónomos e as empresas para as que desenvolven a súa actividade.

3. Os acordos de interese profesional regulados pola lexislación estatal aos que se refire o punto anterior poderán establecer, na forma que nela se determine, medidas de acción positiva para previr, eliminar ou corrixir toda forma de discriminación por razón das causas previstas nesta lei no ámbito do traballo por conta propia.

CAPÍTULO III Medidas no ámbito familiar

Artigo 15. Concepto de familia

Enténdese por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén as unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo, de conformidade co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Artigo 16. Adopción

En aplicación da normativa estatal e autonómica vixente, garantirase que na valoración da idoneidade nos procesos de adopción non exista ningunha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

Artigo 17. Medidas de prevención e a favor da visibilidade

1. Os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar.

2. En particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar.

Artigo 18. Apoio a vítimas de discriminación

Os servizos de apoio, asesoramento e mediación familiar dependentes da Xunta de Galicia, en coordinación cos servizos de LGTBI municipais, alí onde existan, atenderán e darán apoio ás vítimas de discriminación no ámbito familiar, e terán especial consideración cos casos de violencia doméstica ou con aqueles en que se encontren implicados os grupos de persoas LGTBI máis vulnerables referidos no punto 2 do artigo 17.

CAPÍTULO IV Medidas no ámbito da saúde

Artigo 19. Medidas de información e formación do persoal sanitario

1. A consellaría competente en materia de sanidade garantirá a información sobre homosexualidade, bisexualidade e transexualidade que recolle a OMS a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde, tanto no público coma no privado ou concertado, de modo que se garanta que os profesionais do ámbito sanitario coñezan a devandita información.

2. Para os efectos do punto anterior, a consellaría promoverá campañas e cursos de formación sobre os aspectos, problemas e necesidades específicas das persoas LGTBI no ámbito sanitario.

3. Así mesmo, garantirá a inclusión na formación continua e obrigatoria de todo o persoal sanitario e, de forma transversal, en materia de diversidade afectivo-sexual, tanto no ámbito público coma no privado ou concertado, normalizando o libre desenvolvemento da sexualidade e das relacións sexuais.

Artigo 20. Transexualidade

Garantirase a atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade.

Artigo 21. Campañas de educación sexual

A consellaría competente en materia de saúde tratará de xeito específico a realidade LGTBI nas campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual, en concreto:

1. Garantirá a realización de campañas efectivas de concienciación respectuosas e inclusivas que abrangan todo o abano de infeccións de transmisión sexual e que terán como destinatarios específicos as e os adolescentes e as e os mozos LGTBI, con especial consideración ao aumento das infeccións de VIH en relacións sexuais HSH.

2. Será a responsable da realización de campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxes postexposición, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición do VIH, garantindo o seu acceso na sanidade pública e formando o persoal sanitario no dito tratamento.

3. Igualmente, elaboraranse campañas destinadas ás mulleres que teñen relacións sexuais con outras mulleres, nas que se lles recomendará que acudan ao persoal de medicina de familia, ou aos especialistas que se lles indiquen, con regularidade.

CAPÍTULO V Medidas no ámbito da educación

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia

ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 23. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 24. Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporarase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagoxía, Psicoloxía e Dereito.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

CAPÍTULO VI Medidas no ámbito da cultura e do ocio

Artigo 27. Centro de documentación

O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTBI e en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

Articulo 28. Impulso a producións culturais

1. A consellaría competente en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potenciará referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade.

2. A Xunta de Galicia promoverá e apoiará a realización, por parte dos gobernos locais, de actividades culturais para a concienciación e a normalización do feito LGTBI, nomeadamente nos municipios rurais.

CAPÍTULO VII Medidas en materia de deporte

Artigo 29. Deporte

A práctica deportiva e de actividade física en Galicia desenvolverase en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Para tal efecto, os poderes públicos colaborarán entre si e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, públicas e privadas.

CAPÍTULO VIII Medidas en materia de xuventude

Artigo 30. Xuventude

1. A consellaría competente en materia de xuventude continuará desenvolvendo programas destinados á información e ao asesoramento da mocidade en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

2. Garantirase, desde unha óptica transversal, a continuación do labor formativo en contextos formais e non formais, nos que se traballe o valor da diversidade e o respecto cara a ela.

3. Nestas accións visibilizarase a realidade LGTBI na mocidade e traballaranse aspectos relacionados coa convivencia e a non discriminación, en función de aspectos relacionados coa identidade ou coa orientación sexual.

CAPÍTULO IX Medidas no ámbito da comunicación

Artigo 31. Fomento da igualdade nos medios de comunicación

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles nos que participe ou aos que subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de todas as persoas na sociedade. Para estes efectos, promoverase:

– *A programación de campañas nos medios de comunicación destinadas a toda a sociedade sobre a importancia e a necesidade da participación social e política de todas as persoas.*

– *A adopción, mediante a autorregulación, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade de todos, sen discriminación.*

– *A utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes non discriminatorias, especialmente no ámbito da publicidade.*

Artigo 32. Programas e campañas de apoio á igualdade de todas as persoas

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, garantirá e promoverá, por medio daqueles nos que participe ou aos que subvencione, condicionando a efectividade da subvención, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de discriminación e, en concreto, por razóns de orientación sexual e identidade de xénero.

A Xunta de Galicia velará por garantir, en todas as campañas institucionais de publicidade, o respecto pola orientación sexual e pola identidade de xénero de todas as persoas.

Artigo 33. Fomento da igualdade nas novas tecnoloxías

A Xunta de Galicia promoverá o acceso de todas as persoas ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades. Igualmente, garantirá a transmisión, a través dos contidos desas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada da sociedade.

Disposición adicional. Información ao Parlamento de Galicia

A Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación desta lei.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. Facultades do Valedor do Pobo

Facúltase a institución do Valedor do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público coma no privado, mediante o exercicio das seguintes funcións:

1. Prestar apoio ás persoas que puidesen ter sufrido discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións.

2. Constituírse, co consentimento expreso das partes, en órgano de mediación ou conciliación entre elas, en relación con violacións do dereito de igualdade de trato e non discriminación, agás as que teñan contido penal ou laboral.

3. Iniciar de oficio ou por instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia, agás coas que revistan carácter de infracción penal, en cuxo caso deberá remitir o investigado á Fiscalía ou á autoridade xudicial.

4. Instar a actuación das administracións públicas que correspondan para sancionar as accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción administrativa en materia de igualdade de trato e non discriminación.

5. Colaborar co Defensor del Pueblo e coas institucións e organismos públicos equivalentes doutras comunidades autónomas e internacionais.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, catorce de abril de dous mil catorce
Alberto Núñez Feijóo Presidente

ANEXO IV
RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO, DE 4 DE FEBREIRO DE 2014, SOBRE A FOLLA DE RUTA DA UE CONTRA A HOMOFOBIA E A DISCRIMINACIÓN POR MOTIVOS DE ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO (2013/2183(INI))

O Parlamento Europeo,

– *Visto o artigo 2 do Tratado da Unión Europea,*

– *Vistos os artigos 8 e 10 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,*

– *Vista a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e, en particular, o seu artigo 21,*

– *Visto o Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais,*

– *Vista a Recomendación CM/Rec(2010)5 do Comité de Ministros do Consello de Europa aos Estados membros sobre medidas para combater a discriminación baseada na orientación sexual ou a identidade de xénero, adoptada o 31 de marzo de 2010,*

– *Vista a Comunicación da Comisión titulada «Estratexia para a aplicación efectiva da Carta dos Dereitos Fundamentais pola Unión Europea» (COM(2010)0573),*

– *Vistos o informe da Comisión de 2012 sobre a aplicación da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea en 2012 (COM(2013)0271), e os documentos de traballo dos servizos da Comisión que acompañan a ese informe,*

– *Vistas a proposta de Directiva do Consello pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre as persoas independentemente da súa relixión ou convicciónns, discapacidade,*

idade ou orientación sexual (COM(2008)0426), e a Posición do Parlamento, de 2 de abril de 2009, sobre dicha proposta(1) ,

– *Vistas as Directrices para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos polas persoas lesbianas, gays, bisexuais, trans e intersexuais (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea na súa reunión do 24 de xuño de 2013,*

– *Visto o informe, de novembro de 2010, da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea sobre homofobia, transfobia e discriminación por razóns de orientación sexual e identidade de xénero,*

– *Vistos os resultados do estudo sobre as persoas lesbianas, gays, bisexuais e transexuais na UE realizado pola Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (FRA) e publicado o 17 de maio de 2013,*

– *Visto o ditame da FRA, de 1 de outubro de 2013, sobre a situación en materia de igualdade na Unión Europea 10 anos despois da aplicación inicial das directivas relativas á igualdade,*

– *Vista a súa Resolución, de 24 de maio de 2012, sobre a loita contra a homofobia en Europa(2) ,*

– *Vista a súa Resolución, de 12 de decembro de 2012, sobre a situación dos dereitos fundamentais na Unión Europea 2010-2011(3) ,*

– *Vista a súa Resolución, de 14 de marzo de 2013, sobre o reforzo da loita contra o racismo, a xenofobia e os delitos motivados polo odio(4) ,*

– *Visto o artigo 48 do seu Regulamento,*

– *Vistos o informe da Comisión de Liberdades Civís, Xustiza e Asuntos de Interior e a opinión da Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero (A7-0009/2014),*

A. Considerando que a Unión Europea se fundamenta nos valores de respecto da dignidade humana, a liberdade, a democracia, a igualdade, o Estado de Dereito e o respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías;

B. Considerando que, na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión Europea trata de loitar contra toda discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnico, relixión ou convicciónns, discapacidade, idade ou orientación sexual;

C. Considerando que, en xuño de 2013, o Consello da Unión Europea aprobou unhas directrices firmes para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos polas persoas LGBTI fose da Unión Europea, e asegurar a súa protección eficaz dentro da UE;

D. Considerando que a Unión Europea xa coordina a súa acción mediante políticas globais en materia de igualdade e non discriminación a través da «Estratexia marco para a non discriminación e para a igualdade de oportunidades para todos», en materia de igualdade de xénero a través da «Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015», no ámbito da discapacidade a través da «Estratexia Europea sobre Discapacidade 2010-2020», e no ámbito da igualdade para as persoas de orixe xitana a través do «Marco europeo para as estratexias nacionais de integración da poboación xitana ata 2020»;

E. Considerando que, na súa «Estratexia para a aplicación efectiva da Carta dos Dereitos Fundamentais pola Unión Europea», a Comisión recoñeceu a necesidade de desenvolver políticas específicas, baseadas nos Tratados, respecto dalgúns dereitos fundamentais específicos;

F. Considerando que, no estudo sobre as persoas LGBT na UE, a Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (FRA) constatou que en toda a Unión Europea, durante o ano anterior ao estudo, unha de cada dúas persoas LGBT enquisadas sentiuse discriminada ou acosada por razóns de orientación sexual, unha de cada tres fora obxecto de discriminación ao acceder a bens ou servizos, unha de cada catro fora agredida fisicamente, e unha de cada cinco fora obxecto de discriminación no seu emprego ou traballo;

G. Considerando que a FRA recomendou que a UE e os Estados membros desenvolvesen plans de acción para fomentar o respecto cara ás persoas LGBT e a protección dos seus dereitos fundamentais;

H. Considerando que, en maio de 2013, once ministros de Igualdade(5) pediron á Comisión que elaborase unha política global da UE en materia de igualdade das persoas LGBT, e que dez Estados membros(6) xa adoptaron ou están a debater políticas similares a escala nacional e rexional;

I. Considerando que o Parlamento Europeo pediu dez veces que se estableza un instrumento político global da Unión Europea en favor da igualdade en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero;

Consideracións de carácter xeral

1. Condena enerxicamente toda discriminación baseada na orientación sexual e a identidade de xénero, e deplora profundamente que os dereitos fundamentais das persoas lesbianas, gays, bisexuais, trans e intersexuais (LGBTI) non se respecten sempre plenamente na Unión Europea;

2. Opina que, na actualidade, a Unión Europea carece dunha política global de protección dos dereitos fundamentais das persoas LGBTI;

3. Recoñece que a responsabilidade á hora de protexer os dereitos fundamentais recae conxuntamente na Comisión Europea e os Estados membros; pide á Comisión que aproveite ao máximo as súas competencias, por exemplo facilitando o intercambio de boas prácticas entre os Estados membros; pide aos Estados membros que cumpran as obrigacións que lles incumben en virtude da lexislación da UE e da Recomendación do Consello de Europa sobre medidas para combater a discriminación baseada na orientación sexual ou a identidade de xénero;

Contido da folla de ruta

4. Pide á Comisión, aos Estados membros e ás axencias pertinentes que traballen conxuntamente en prol dunha política global plurianual de protección dos dereitos fundamentais das persoas LGBTI, a saber: unha folla de ruta, unha estratexia ou un plan de acción que recolla os temas e obxectivos que se detallan a continuación;

A. Accións horizontais para a aplicación da folla de ruta

i) A Comisión debe afanarse por consolidar os dereitos existentes en todo o labor que desenvolva e en todos os ámbitos da súa competencia, integrando as cuestións vinculadas aos dereitos fundamentais das persoas LGBTI en todos os traballos pertinentes, por exemplo ao elaborar futuras políticas e propostas ou na supervisión da aplicación da lexislación da UE;

ii) A Comisión debe facilitar, coordinar e supervisar o intercambio de boas prácticas entre os Estados membros a través do método aberto de coordinación;

iii) As axencias pertinentes da Unión Europea, entre elas a Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (FRA), o Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE), a Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo (Eurofound), a Escola Europea de Policía (CEPOL), a Unidade de Cooperación Xudicial da Unión Europea (Eurojust), a Rede Xudicial Europea (RJE) e a Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO), deben integrar no seu labor as cuestións relacionadas coa orientación sexual e a identidade de xénero, e seguir facilitando á Comisión e aos Estados membros asesoría empírica sobre os dereitos fundamentais das persoas LGBTI;

iv) É necesario alentar á Comisión e os Estados membros a recompilar de forma regular datos pertinentes e comparables sobre a situación das persoas LGBTI na UE conxuntamente coas axencias pertinentes e con Eurostat, respectando plenamente as normas de protección de datos da UE;

v) Conxuntamente coas axencias pertinentes, a Comisión e os Estados membros deben alentar a formación e o reforzo de capacidades nos organismos nacionais que traballan en prol da igualdade, as institucións nacionais de defensa dos dereitos humanos e outras organizacións encargadas de promover e protexer os dereitos fundamentais das persoas LGBTI;

vi) Conxuntamente coas axencias pertinentes, a Comisión e os Estados membros deben esforzarse por sensibilizar aos cidadáns con respecto aos dereitos das persoas LGBTI;

B. Disposicións xerais en materia de non discriminación

i) Os Estados membros deben consolidar o marco xurídico vixente da UE esforzándose para adoptar a proposta de Directiva pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre as persoas independentemente da súa relixión ou convicción, discapacidade, idade ou

orientación sexual, en particular aclarando o ámbito de aplicación e os custos asociados das súas disposicións;

ii) A Comisión, os Estados membros e as axencias competentes deben prestar unha atención particular á discriminación múltiple e á violencia que, por motivos tanto de orientación sexual como de identidade de xénero, experimentan as lesbianas, e tamén elaborar e aplicar políticas de non discriminación en consecuencia;

C. Non discriminación no emprego

i) A Comisión debe prestar especial atención á orientación sexual á hora de supervisar a aplicación da Directiva 2000/78/CE, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación(7) , e á identidade de xénero á hora de supervisar a aplicación da Directiva 2006/54/CE, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación(8) ;

ii) Conxuntamente coas axencias pertinentes, a Comisión debe formular directrices que especifiquen que as persoas trans e intersexuais entran dentro da acepción de «sexo» da Directiva 2006/54/CE, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación;

iii) É necesario instar os organismos que traballan en prol da igualdade, así como os sindicatos e as organizacións de empresarios, a que informen sobre os seus dereitos ás persoas LGBTI;

D. Non discriminación no ámbito educativo

i) A Comisión debe promover a igualdade e a non discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero en todos os seus programas destinados á mocidade e á educación;

ii) A Comisión debe facilitar o intercambio de boas prácticas en materia de educación formal, incluídos os materiais didácticos e as políticas de loita contra o acoso moral e a discriminación, nos Estados membros a través do método aberto de coordinación non vinculante;

iii) A Comisión debe facilitar o intercambio de boas prácticas nos Estados membros nos sectores dedicados á mocidade e a educación, incluídos os servizos de benestar social para os mozos e o traballo social, a través do método aberto de coordinación non vinculante;

E. Non discriminación na atención sanitaria

i) A Comisión debe incluír os problemas de saúde das persoas LGBTI dentro dunhas políticas sanitarias estratéxicas máis amplas, en particular o acceso á atención sanitaria, a igualdade en materia de saúde e a voz da UE no mundo nos asuntos relacionados coa saúde;

ii) A Comisión e a Organización Mundial da Saúde deben seguir traballando para suprimir os trastornos de identidade de xénero da lista de trastornos mentais e do comportamento, e garantir unha reclasificación dos devanditos trastornos como non patolóxicos nas negociacións da undécima versión da Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-11);

iii) A Comisión debe apoiar aos Estados membros na formación dos profesionais da sanidade;

iv) A Comisión e os Estados membros deben levar a cabo investigacións en relación coas cuestións de saúde que afecten especificamente as persoas LGBTI;

v) Os Estados membros deben ter en conta ás persoas LGBTI nos plans e políticas nacionais de saúde, velando por que os programas de formación, as políticas sanitarias e as enquisas en materia de saúde teñan en conta de maneira específica as cuestións de saúde que afectan as persoas LGBTI;

vi) Os Estados membros deben establecer ou revisar os procedementos xurídicos de recoñecemento do xénero a fin de respectar plenamente o dereito á dignidade e a integridade física das persoas trans;

F. Non discriminación no acceso a bens e servizos

i) A Comisión debe prestar especial atención ao acceso das persoas trans aos bens e servizos á hora de supervisar a aplicación da Directiva 2004/113/CE, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e a súa subministración (9) ;

G. Accións específicas en favor das persoas trans e intersexuais

i) A Comisión debe velar por que a identidade de xénero se inclúa entre os motivos de discriminación prohibidos na futura lexislación en materia de igualdade, incluídas as refundicións;

ii) A Comisión debe integrar as cuestións que afectan de maneira específica ás persoas trans e intersexuais nas políticas pertinentes da UE, para recoller a formulación adoptada na estratexia de igualdade de xénero;

iii) Os Estados membros deben velar por que os organismos que traballan en prol da igualdade estean informados e capacitados no que respecta aos dereitos e as cuestións que afectan de maneira específica ás persoas trans e intersexuais;

iv) A Comisión, os Estados membros e as axencias pertinentes deben tratar a cuestión da actual falta de coñecementos, investigación e lexislación específica sobre os dereitos humanos das persoas intersexuais;

H. Cidadanía, familias e liberdade de circulación

i) A Comisión debe elaborar directrices destinadas a garantir a aplicación da Directiva 2004/38/CE, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias para circular e residir libremente no territorio dos Estados membros(10) , e da Directiva 2003/86/CE, sobre o dereito á reagrupación familiar(11) , co fin de asegurar o respecto de todas as formas de familia legalmente recoñecidas nos ordenamentos xurídicos nacionais dos Estados membros;

ii) A Comisión debe presentar propostas para o recoñecemento mutuo dos efectos de todos os documentos acreditativos do estado civil en toda a UE a fin de reducir as trabas administrativas e xurídicas discriminatorias ás que se enfrontan os cidadáns e as súas familias á hora de exercer o seu dereito á libre circulación;

iii) A Comisión e os Estados membros deben estudar se as actuais restricións para o cambio do estado civil e os documentos de identidade das persoas trans prexudican á súa capacidade de gozar do dereito á libre circulación;

iv) Os Estados membros que adoptaron lexislación en materia de unión libre, unións de feito rexistradas ou matrimonio para as persoas do mesmo sexo, deben recoñecer as disposicións similares adoptadas por outros Estados membros;

I. Liberdade de reunión e de expresión

i) Os Estados membros deben salvagardar o dereito á liberdade de expresión e de reunión, en particular no que incumbe ás marchas do orgullo gay e eventos similares, velando por que estes acontecementos se celebren de maneira legal e garantindo a protección efectiva dos participantes;

ii) Os Estados membros deben absterse de adoptar leis que restrinxan a liberdade de expresión en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero e revisar a lexislación vixente que sexa de carácter restritivo para ese efecto;

iii) A Comisión e o Consello da Unión Europea deben considerar que a adopción por parte dos Estados membros de leis que restrinxan a liberdade de expresión en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero vulneran os valores nos que se basea a Unión Europea, e deben actuar en consecuencia;

J. Incitación ao odio e delitos motivados polo odio

i) A Comisión debe vixiar e prestar asistencia aos Estados membros en relación coas cuestións que incumben de maneira específica á orientación sexual, a identidade de xénero e a expresión de xénero ao aplicar a Directiva 2012/29/UE, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos(12) , en particular se estes están motivados por prexuízos ou discriminación que poidan estar relacionados coas características persoais das vítimas;

ii) A Comisión debe propoñer unha refundición da Decisión marco do Consello relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia mediante o Dereito penal, de forma que se inclúan outras formas de delitos motivados por prexuízos e de incitación ao odio, entre outros, por motivos de orientación sexual e identidade de xénero;

iii) Conxuntamente coas axencias pertinentes, a Comisión debe facilitar o intercambio entre os Estados membros das boas prácticas adoptadas neles en materia de formación e educación das forzas da orde, os ministerios fiscais, os maxistrados e os servizos de apoio ás vítimas;

iv) A Axencia dos Dereitos Fundamentais debe prestar asistencia aos Estados membros para que melloren a recompilación de datos comparables relativos aos delitos cometidos por odio contra homosexuais e trans;

v) Os Estados membros deben rexistrar e investigar os delitos cometidos por odio contra as persoas LGBTI e adoptar lexislación penal que prohiba a incitación ao odio por motivos de orientación sexual e identidade de xénero;

K. Asilo

i) Conxuntamente coa Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO) e axéncialas pertinentes, e dentro do actual ámbito de competencias da lexislación e a xurisprudencia vixentes da UE, a Comisión debe incluír as cuestións especificamente vinculadas á orientación sexual e a identidade de xénero na aplicación e a supervisión da lexislación relativa ao asilo, incluída a Directiva 2013/32/UE, sobre procedementos comúns para a concesión ou a retirada da protección internacional(13) , e a Directiva 2011/95/UE, pola que se establecen normas relativas aos requisitos para o recoñecemento de nacionais de terceiros países ou apátridas como beneficiarios de protección internacional(14) ;

ii) Conxuntamente coas axencias pertinentes, a Comisión e os Estados membros deben velar por que os profesionais do asilo, en particular os entrevistadores e os intérpretes, reciban a formación adecuada "incluída a xa existente", para tratar as cuestións relacionadas de maneira específica coas persoas LGBTI;

iii) Conxuntamente coa Oficina Europea de Apoio ao Asilo e en cooperación co Servizo Europeo de Acción Exterior, a Comisión e os Estados membros deben velar por que se documente de forma sistemática a situación xurídica e social das persoas LGBTI nos seus países de orixe, e porque a dita información se poña a disposición das persoas encargadas de pronunciarse sobre as solicitudes de asilo no marco da información sobre os países de orixe;

L. Ampliación e acción exterior

i) A Comisión debe seguir supervisando as cuestións relacionadas coa orientación sexual e a identidade de xénero nos países en vías de adhesión;

ii) A Comisión, o Servizo Europeo de Acción Exterior, o Representante Especial da Unión Europea para os Dereitos Humanos e os Estados membros deben aplicar de forma sistemática as Directrices do Consello para promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos por parte das persoas LGBTI, e manter unha posición unificada á hora de responder as violacións dos seus dereitos;

iii) A Comisión e o Servizo Europeo de Acción Exterior deben facilitar á Oficina Europea de Apoio ao Asilo e aos Estados membros a información solicitada polas delegacións da UE sobre a situación das persoas LGBTI en terceiros países;

5. Insiste en que esta política global ha de respectar as competencias da Unión Europea, as súas axencias e os Estados membros;

6. Subliña que se debe respectar a liberdade de expresión e manifestación das convicciónsou opinións mantendo o principio do pluralismo de ideas, sempre que non inciten ao odio, a violencia ou a discriminación;

7. Encarga ao seu Presidente que transmita a presente Resolución ao Consello, á Comisión, ao Servizo Europeo de Acción Exterior, aos Gobernos e Parlamentos dos Estados membros, a todas as axencias citadas na presente Resolución e ao Consello de Europa.

(1)
DO C 137 E de 27.5.2010, p. 68.

(2)
Textos Aprobados, P7_TA(2012)0222.

(3)
Textos Aprobados, P7_TA(2012)0500.

(4)
Textos Aprobados, P7_TA(2013)0090.

(5)
Os de Austria, Bélxica, Croacia, Dinamarca, Finlandia, Francia, Italia, Luxemburgo, Malta, os Países Baixos e Suecia.

(6)
Alemaña, Bélxica, Croacia, España, Francia, Italia, Malta, os Países Baixos, Portugal e o Reino Unido.

(7)
DO L 303 de 2.12.2000, p. 16.

(8)
DO L 204 de 26.7.2006, p. 23.

(9)
DO L 373 de 21.12.2004, p. 37.

(10)
DO L 158 de 30.4.2004, p. 77.

(11)
DO L 251 de 3.10.2003, p. 12.

(12)
DO L 315 de 14.11.2012, p. 57.

(13)
DO L 180 de 29.6.2013, p. 60.

(14)
DO L 337 de 20.12.2011, p. 9.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALDREY VÁZQUEZ, J.A. y DEL RÍO FRANQUEIRA, D. "Crónica de un envejecimiento anunciado: Galicia 2015-2030" en LÓPEZ GAY, A. (ed.) XIV Congreso Nacional de Población. Cambio demográfico y socio territorial. Grupo de Población de la Asociación Española de Geógrafos. Sevilla, 2014. Dispoñible en http://www.agepoblacion.org/images/congresos/sevilla/DOC6.pdf

- APA (American Psychological Association*) Appropriate Therapeutic Responses to Sexual Orientation,* EEUU, 2009. Dispoñible en: https://www.apa.org/pi/lgbt/resources/therapeutic-response.pdf

- ARARTEKO*, La situación de las personas transgénero y transexuales en Euskadi*. Informe extraordinario da situación do Ararteko ao Parlamento Vasco. Ararteko, 2009.

- AYUNTAMIENTO DE BARCELONA*. Contra la homofobia. Políticas locales de igualdad por razón de orientación sexual y de identidad de género. Libro blanco europeo*. Proyecto AHEAD (Against Homophobia. European Local Administracion Deviced, Barcelona, 2011. Dispoñible en: http:// www.ahead-bcn.org/

- AZQUETA CHOCARRO, I. *Educar en la diversidad afectivo-sexual desde la familia*. Confederación Estatal de Asociaciones de Padres de Alumnos (CEAPA), Madrid, 2014.

- BORNSTEIN, K. *Gender Outlaw: on men, women and ther rest of us*. Vintage, 1995.

- CABEZA PEREIRO, J. *El derecho fundamental a la no discriminación por orientación sexual e identidad de género en la relación laboral*. Edit. Bomarzo, Albacete, 2014.

- CUESTA LÓPEZ, VÍCTOR, SANTANA VEGA, DULCE M. (dtores.), *Estado de Derecho y discriminación por razón de género, orientación e identidad sexual*, Aranzadi, Pamplona, 2014.

116614

- ESTEVA DE ANTONIO, I., GÓMEZ-GIL, E., CRUZ ALMARAZ, M.C., MARTÍNEZ -TUDELA, T., OLVEIRA, G., SORIGUER, E., y GRUPO GIDSEEN. "Organización de la asistencia a la transexualidad en el sistema sanitario público español". *Gaceta Sanitaria*, vol. 26, nº 3, maio-xuño 2012.

- FELGTB*. Acoso escolar (y riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidad de género: Fracaso del sistema educativo*. Informe elaborado pola Federación Estatal de Lesbianas Gais, Transexuales y Bisexuales (FELGTB) para o Defensor del Pueblo. Madrid, 2013. Dispoñible en: http://www.felgtb.org/rs/2157/d112d6ad-54ec-438b-9358-4483f9e98868/671/filename/informedefensor-17m13.pdf

- FELGTB e COGAM. *Estudio 2013 sobre discriminación por orientación sexual y/o identidad de género en España.* Informe elaborado pola Federación Estatal de Lesbianas, gais, transexuales y bisexuales e o Colectivo de Lesbianas, Gais, Transexuales y Bisexuales de Madrid. Dispoñible en: http://www.felgtb.org/rs/2447/d112d6ad-54ec-438b-9358-4483f9e98868/bd2/filename/estudio-2013-sobre-discriminacion-por-orientacion-sexual-y-o-identidad-de-genero-en-espana.pdf

- FRA (*Fundamental Rights Agency*) *Ser Trans en la Unión Europea, análisis comparativo de los datos de la encuesta a personas LGBT en la UE*. Agencia Europea de Derechos Humanos. Dispoñible en http://fra.europa.eu/en/publication/2014/being-trans-eu-comparative-analysis-eu-LGTBI-survey-data

- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, J.J., *Defensorías del Pueblo en España: una visión prospectiva,* Cuadernos Democracia y Derechos Humanos, Universidad de Alcalá, 2013.

- GUTIERREZ CASTILLO, V.L., CRUZ ANGELES, J. y RÓDENAS PÉREZ, M. *Corpus jurídico de la familia homoparental. Perspectiva europea, estatal y autonómica*. Asociación Española de Transexuales AET. Madrid, 2014.

- JIMÉNEZ MUÑOZ, F.J. *La reproducción asistida y su régimen jurídico*. Colección Jurídica General. Edit. Reus. Madrid, 2012.

- LAMARCA ITURBE, I. "Vulnerabilidad y protección de derechos de las personas Lesbianas, Gays, Bisexuales y Transexuales (LGBT), especialmente de quienes son menores de edad: Una visión empírica" en ESCOBAR. G. (ed.) *La protección de los derechos humanos por las defensorías del pueblo*, Dykinson, Madrid, 2013.

- MUJIKA FLORES, I. *Visibilidad y participación de las mujeres lesbianas en Euskadi*. Colección de Derechos Humanos "Padre Francisco de Vitoria". Ararteko, Vitoria, 2007. p. 393.

- PECES BARBA, G. *Los valores superiores*. Tecnos, Madrid, 1986, p.149.

- PERAMETO MARTÍN, T., *Desigualdad por razón de orientación sexual e identidad de género, homofobia y transfobia*, Thomson Reuters Aranzadi, Pamplona, 2013.

- RIVAS, A.M. "Pluriparentalidades y parentescos electivos". *Revista Antropología Social*, nº 18, p. 7-19, cit. en GRAU RUBIO, C. y FERNÁNDEZ HAWRYLAK, M. "Relaciones de parentesco en las nuevas familias. Disociación entre maternidad/paternidad biológica, genética y social." *Gazeta de Antropología* nº 31 (1), artículo 02, 2015, dispoñible en http://www.gazeta-antropologia.es/?p=4660

- RODRIGUEZ-PIÑEIRO BRAVO-FERRRE, M. "Discriminación múltiple", *Diario La Ley* nº 8571. 29 junio 2015.

- ROMEU, A. (coord.). *Estudio sobre orientación sexual y deseo reproductivo*. Grupo Español para la Investigación en Reproducción (EIRE), 2015. Dispoñible en: http://www.grupoeire.com/netpublisher/minfo/imagenes/1248_Orientaci_n_sexual_y_deseo_reproductivo.pdf

- TAPIA TORRES, A. L. “No me mires lo que tengo entre las piernas: seré un pez”. Relatorio ditado no marco do Encuentro Nacional sobre la Violencia de Género: por una cultura de la paz. 25-27 marzo 2015. Guanajuato, México. Dispoñible en: http://www.grupoeire.com/netpublisher/minfo/imagenes/1248_Orientaci_n_sexual_y_deseo_reproductivo.pdf

- VALEDOR DO POBO. *Informe ordinario 2014*. Dispoñible en: http://www.valedordopobo.com/wp-content/uploads/2015/03/Informe-Valedor-do-Pobo-2014-Galego.pdf

116617

Valedor
doPobo
Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
28 XULL. 2015
Núm 39285

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XULL. 2015
SAÍDA
Num. 1507

Celebrada a reunión da Comisión de Secretarios xerais e téndose acordado na mesma a inclusión na orde do día do Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, o proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira –modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas-, rógolle que o teña en conta á hora de elaboración da orde do día dunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

Asemade, solicítolle que este asunto se tramite polo procedemento de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BEATRIZ CUIÑA BARJA, SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, en virtude das competencias atribuídas no artigo 9.2.d) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

CERTIFICO:

Que segundo a documentación obrante no Servizo do Secretariado do Goberno, na reunión da Comisión de Secretarios Xerais do vinte e sete de xullo de dous mil quince, preparatoria da vindeira xuntanza do Consello da Xunta de Galicia, figura como aprobado, para a inclusión no mesmo, o seguinte asunto:

"Proxecto de Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016 e se lle dá traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia".

E para que así conste asino a presente en Santiago de Compostela a vinte e sete de xullo de dous mil quince.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 XULL. 2015
Núm. 39308

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XULL. 2015
SAIDA
Num. 1502

Ao abeiro do disposto nos artigos 67, 98 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno na que a orde do día a debater sexa a que segue:

- Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (doc num. **39285**)

- Comparecencia da conselleira de Medio Rural e Mar para avaliar a situación actual do sector lacteo galego e para informar das medidas a por en marcha para garantir a súa viabilidade (doc num. **39128**)

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2015 12:46
Nº Rexistro: 39198
Data envio: 27/07/2015 12:46:23.237

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 67.2, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, **solicitan** a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno, coa seguinte orde do día:

1. Elección do Valedor do Pobo (09/PVAL-000001)

2. Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia

3. Elección dos membros do Consello de Administración da Corporación da Radio Televisión de Galicia (artigo 14 da *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia*)

4. Textos lexislativos:

4.1- Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e outras normas, para a prevención da corrupción (09/PPL-000038 (35966))

4.2- Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, sobre a Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (09/PPL-000037 (34779))

4.3- Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (09/PPL-000036 (33678))

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2015 12:46
Nº Rexistro: 39198
Data envio: 27/07/2015 12:46:23.237

grupo parlamentario de Galicia

4.4- Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión do Regulamento sobre a Proposición de lei para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (09/PPL-000035 (33374))

4.5- Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas (09/PL-000026 (34138))

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 27/07/2015 12:32:03

Pilar Rojo Noguera na data 27/07/2015 12:32:16

Pedro Puy Fraga na data 27/07/2015 12:32:32

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2015 12:32:40

Paula Prado del Rio na data 27/07/2015 12:32:48

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/07/2015 12:32:54

José Manuel Balseiro Orol na data 27/07/2015 12:33:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2015 12:33:10

Alfonso Rueda Valenzuela na data 27/07/2015 12:33:22

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 27/07/2015 12:33:35

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2015 12:33:37

Marisol Diaz Mouteira na data 27/07/2015 12:33:39

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2015 12:46
Nº Rexistro: 39198
Data envio: 27/07/2015 12:46:23.237

grupo parlamentario de Galicia

Rosa Oubiña Solla na data 27/07/2015 12:33:41

Gonzalo Trenor Lopez na data 27/07/2015 12:33:44

Jose Francisco Santos Regueiro na data 27/07/2015 12:33:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2015 12:33:48

Vidal Martínez-Sierra López na data 27/07/2015 12:33:50

Jaime Iñíguez Martínez na data 27/07/2015 12:33:52

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/07/2015 12:33:55

Agustín Baamonde Díaz na data 27/07/2015 12:33:57

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2015 12:33:59

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2015 12:34:02

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2015 12:34:03

Enrique Novoa López na data 27/07/2015 12:34:08

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/07/2015 12:34:10

Ramón Santos Pérez na data 27/07/2015 12:34:12

María del Carmen Pardo López na data 27/07/2015 12:34:14

Jesús Miguel Prado Patiño na data 27/07/2015 12:34:17

Pedro Manuel Arias Veira na data 27/07/2015 12:34:19

Hipólito Fariñas Sobrino na data 27/07/2015 12:34:21

Javier Jorge Guerra Fernández na data 27/07/2015 12:34:24

Jesus Goldar Guimil na data 27/07/2015 12:34:26

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2015 12:34:29

José Santiago Freire Abeijón na data 27/07/2015 12:34:31

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2015 12:46
Nº Rexistro: 39198
Data envio: 27/07/2015 12:46:23.237

grupo parlamentario de Galicia

Javier Dorado Soto na data 27/07/2015 12:34:33

Alejandro Gómez Alonso na data 27/07/2015 12:34:36

Angel Camino Copa na data 27/07/2015 12:34:38

Jaime Castiñeira Broz na data 27/07/2015 12:34:40

Berta Pérez Hernández na data 27/07/2015 12:34:43

María Herminia Pouso Maneiro na data 27/07/2015 12:34:46

María Isabel García Pacín na data 27/07/2015 12:34:48

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS
1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA
1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
1.3.5. MOCIÓNS
1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
1.4.3. INTERPELACIÓNS
1.4.4. PREGUNTAS
1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS
4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727